IES AGRA DO ORZÁN CURSO 2021-2022

# DEPARTAMENTO
# DE
# MÚSICA

# PROGRAMACIÓN

# ÍNDICE

**1. INTRODUCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN...................................... 3 a 8**

**2. COMPETENCIAS CHAVE en relación cos ESTÁNDARES de APRENDIZAXE.................................................... 9 a 12**

**3. OBXECTIVOS............................................................................ 13 a 30**

**4. ESTÁNDARES de APRENDIZAXE................................................ 30 a 68**

**5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS............................................ 69 a 72**

**6. MATERIAS e RECURSOS DIDÁCTICOS...................................... 72 a 73**

**7. AVALIACIÓN............................................................................ 73 a 83**

a) GRAO MÍNIMO de CONSECUCIÓN......................................................... 74 a 79
b) PROCEDEMENTOS e INSTRUMENTOS de AVALIACIÓN....................... 80 a 81
c) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN............................................................ 81 a 83

**8. AVALIACIÓN do PROCESO de ENSINO e APRENDIZAXE e da PRÁCTICA DOCENTE.................................................................... 84 a 85**

**9. MATERIAS PENDENTES................................................................... 86**

**10. AVALIACIÓN INICIAL.............................................................. 86 a 87**

**11. ATENCIÓN á DIVERSIDADE........................................................ 87 a 90**

**12. EDUCACIÓN en VALORES: CONTIDOS TRANSVERSAIS........ 91 a 94**

**13. PROXECTO LECTOR ........................................................................ 94**

**14. PLAN LINGÜÍSTICO .................................................................... 94 a 96**

**15. FOMENTO das TIC ........................................................................ 97**

**16. PLAN de CONVIVENCIA.................................................................. 97**

**17. SECCIÓNS BILINGÜES............................................................ 98 a 103**

**18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS e EXTRAESCOLARES....................................................................104 a 105**

**19. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN ....................................... 106 a 108**

**20. ADAPTACIÓN PROTOCOLOS SANITARIOS.......................... 109 a 111**

a) Reforzo de contidos mínimos, estratexias e procedementos de aprendizaxe..109

b) Revisión, cando for necesario, dos obxectivos e competencias chave por niveis ..........................................................................................109

c) Adaptación ao ensino semipresencial ..............................................109

d) Adaptación ao ensino online ........................................................ 110

e) Plan de reforzo e recuperación ......................................................110

f) Protocolos de hixiene na Aula de Música ................................ 110 a 111

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento cun valor incuestionable na vida das persoas. Na actualidade, vivimos en contacto permanente coa música, sen dúbida, a arte máis poderosamente masiva do noso tempo. O desenvolvemento tecnolóxico modificou considerablemente os referentes musicais da sociedade pola posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, a radio, a televisión, os xogos electrónicos, o cinema, a publicidade, internet, etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, á súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais coma de calquera persoa interesada en facer música.

Dende esta perspectiva, o currículo de música para Educación Secundaria Obrigatoria pretende establecer puntos de contacto entre o mundo exterior e a música que se aprende nas aulas, achegando as canles necesarias para estimular no alumnado o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica, facendo que chegue a un grao de autonomía tal que permita a participación activa e informada en diferentes actividades vinculadas á audición, a interpretación e a creación musical.

Por outro lado, a educación musical en Galiza conta como punto de partida cun ámbito cultural, social e histórico, que conforma unha infraestrutura de iniciativa institucional ou popular, que marca e predispón a vida local cara ao goce e a participación directa no feito musical, en todos os estilos: dende a música universal a compositores próximos, dende a ortodoxia á vangarda. Este feito supón unha sensible diferenciación do contexto sonoro galego, un contexto significativo que outorga un peso específico á música, que o centro docente debe escoitar e, ao mesmo tempo, rendibilizar dende o punto de vista pedagóxico, garantindo unha formación en consonancia.

A nosa realidade insírese, ademais, nun marco galego-portugués que abrangue culturas que constantemente intercambian os seus trazos e provocan unha mestizaxe frutífera que traspasa fronteiras. Nos ritmos e melodías, nas letras das cancións, no xeito de adornalas, nas cadencias, nas danzas, nos instrumentos, recoñecémonos e rehabilitamos unha memoria que corre o risco de perderse nunha excesiva globalización de estéticas, produtos e formas de vida. Ao mesmo tempo, o futuro intúese intercultural. Os centros docentes da nosa comunidade son un exemplo palpable, e, neste sentido, a Música pode actuar de elemento catalizador, cuns cidadáns e cidadás formados musicalmente dende a escola.

Non podemos esquecer que na actualidade, máis que noutras épocas, a música é un dos principais referentes de identificación xuvenil. O feito de que o alumnado a sinta como propia constitúe, paradoxicamente unha vantaxe e un inconveniente no momento de traballala na aula: vantaxe, porque o valor, así como as expectativas e a motivación respecto a esta materia son elevadas; inconveniente, porque o alumnado ó facela súa, posúe sesgos confirmatorios moi arraigados. O gusto e as preferencias do alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria débense considerar como punto de referencia na orientación da área, pero, simultaneamente, debemos contemplar os contidos e o fenómeno musical dende unha perspectiva creativa e reflexiva, intentando acadar cotas máis elevadas de participación na música como espectador, intérprete e creador.

Unha aproximación máis diferenciada e analítica sucede nesta etapa ao carácter máis global que a área de Educación Artística presenta na Educación Primaria. Isto correspóndese coas características evolutivas do alumnado, nun momento en que a súa capacidade de abstracción experimenta un desenvolvemento notable. Partimos pois da consideración de que todo contacto co feito musical prodúcese necesariamente en dous planos distintos: un consciente, no que o suxeito elabora ou recibe de forma reflexiva uns contidos musicais; e outro plano inconsciente, no que as estruturas i elementos musicais "entran" no individuo sen que este realice ningunha actividade consciente. Estas dúas perspectivas dende as que se aborda a Música son de vital importancia no noso plantexamento, e por elo tomamos como punto de referencia o aspecto inconsciente, intuitivo, primario, para, progresivamente, chegar a reflexión sobre os materiais musicais xa interiorizados.

A implantación desta materia como optativa no Bacharelato persegue proporcionar unha visión global do lugar que ocupa a Música na historia da arte e da súa achega á historia da humanidade, á vez que lle proporciona ao alumnado os fundamentos de comprensión, análise e valoración das creacións producidas no pasado e no presente, de maneira que poida ter criterios para establecer xuízos estéticos propios sobre elas e sobre a súa difusión e consumo na sociedade actual. Esta materia introduce o alumnado no descubrimento dun amplo espectro de manifestacións e estilos, así como de diferentes modos de concibir a creación nestas disciplinas artísticas que, estreitamente relacionadas, discorren conxuntamente ao longo do tempo. Este carácter integrador da materia fai posible aproximarse á evolución das devanditas creacións entendéndoas como un todo. O seu coñecemento permite abrir horizontes novos e ampliar a perspectiva a partir da que observar a música e a danza, non tanto a través dun estudo pormenorizado das persoas autoras ou do catálogo das súas obras, como da comprensión e valoración das grandes achegas individuais ou colectivas, das súas características e do seu devir no tempo.

Nunha sociedade como a galega na que a música ten sido sinal de identidade durante séculos, e parte importante da vida diaria das persoas a través do canto e da danza colectiva, é imprescindible fomentar os criterios das directrices educativas europeas, nas cales se avoga por introducir os contidos artísticos como elementos fundamentais para unha educación integral das persoas.

Hai moitas pontes entre esta materia e outros contidos curriculares, xa que a expresión vocal incide nas habilidades lingüísticas do alumnado, nas súas capacidades expresivas, nas artísticas e nas de participación solidaria. En efecto, a voz é o instrumento máis democrático que existe, xa que apenas require pouco máis que a si mesma para soar. Formar o noso alumnado no seu coñecemento, no seu coidado e na súa práctica, é darlle voz, non só no ámbito simbólico, senón tamén no real, xa que esta materia abre a posibilidade da interpretación do repertorio culto, do repertorio popular, da creación propia do alumnado e tamén da improvisación, polo que este pode sentirse o protagonista do seu proceso de aprendizaxe ao mesmo tempo que contribúe ao dos seus compañeiros e compañeiras dunha forma activa. A promoción e desenvolvemento de actividades musicais no propio centro pode axudar a que o alumnado participe nun futuro de actividades colectivas e cidadás en que se sinta realmente parte integrante. Do mesmo xeito o fomento dunha escoita activa e consciente incide no desenvolvemento dunha calidade inapreciable para

unha sociedade empática e democrática, a capacidade de escoita, de comprender a mensaxe que o emisor nos está a transmitir en toda a súa complexidade.

Ao longo de toda a etapa secundaria obrigatoria e post-obrigatoria o desenvolvemento da Educación Musical discorre por tres camiños paralelos que seguen ritmos distintos e que agruparemos en bloques de contidos que fan referencia á: técnica, reflexión teórica e práctica musical:

- A técnica, céntrase nos aspectos vocais, instrumentais e de movemento.
- A práctica musical, céntrase nun repertorio de cancións, pezas instrumentais e vocais, danzas e na improvisación (vocal, instrumental ou de movemento).
- A audición musical é unha actividade que representa unha síntese de elementos dos tres aspectos anteriormente mencionados.

Tendo todo isto en conta consideramos que a materia se debe articular en torno a dous eixos fundamentais:

- <u>Percepción:</u> referida o desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva, de audición activa e de memoria comprensiva da música, tanto durante o desenvolvemento de actividades de interpretación e creación musical como na audición de obras musicais en vivo ou gravadas.

- <u>Expresión:</u> alude ó desenvolvemento das capacidades vinculadas coa interpretación e a creación musical. Dende o punto de vista da interpretación, o ensino e aprendizaxe da música se centran en tres ámbitos diferenciados pero estreitamente relacionados: a expresión vocal, a expresión instrumental e o movemento e a danza.

Percepción e expresión deben estar ligadas de forma directa, coa adquisición dunha cultura musical básica e necesaria para todos os cidadáns. Esta organización dos contidos en torno a bloques e eixos pretende contribuír a presentalos de xeito coherente. Noutras palabras, na práctica educativa se produce unha interacción constante entre os distintos bloques, entre os eixos e entre os contidos: o expresivo contén ao perceptivo e

viceversa; as actitudes, os conceptos e os procedementos se apoian mutuamente. Entre os diferentes contidos se establecen unha relación cíclica: uns enriquecen a outros, os promoven, desenvolven e consolidan. Ó mesmo tempo, todos eles se vinculan cos coñecementos da linguaxe e a cultural musical.

Estes dous eixos estrutúranse en catro bloques sobre os que se concreta a programación de aula:

***Bloque 1: Interpretación e creación**
***Bloque 2: Escoita**
***Bloque 3: Contextos musicais e culturais**
***Bloque 4: Música e tecnoloxía**

Interpretación e creación integra a expresión musical, vocal e corporal coa improvisación e composición musical, o que permitirá aos estudantes participar da música dunha forma activa, como músicos. Co bloque "Escoita" preténdese crear a primeira actitude fundamental cara a arte musical e dotar ao alumnado das ferramentas básicas para desfrutar do mesmo a través da audición e comprensión do feito musical. Contextos musicais e culturais relacionan a música coa cultura e a historia, dando a coñecer o valor do patrimonio musical a ensinando a identificar estilos e características distintivas da música que delimitan cada un dos períodos históricos básicos. Finalmente o bloque 4: Música e tecnoloxía, pretende abarcar o coñecemento e a práctica da interacción entre a música e as novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial interese debido á presenza que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica e a música dentro da aula.

Máis alá de todo o exposto, como xa constataron os grandes filósofos gregos e grandes pedagogos de todos os tempos, o maior valor da Música reside na súa capacidade educativa que vai máis alá da mera conceptualización para contribuír a desenvolver un amplo abano de valores destacando dous aspectos fundamentais na sociedade actual caracterizada pola interconexión e o cambio constante e nunha etapa vital como a adolescencia na que o sentimento de pertenza e unha ampla visión do mundo fanse máis necesarias que nunca, falamos da **interdisciplinariedade** e do **sentimento de pertenza**:

- A interdisciplinariedade permite establecer vínculos cun grande número de materias que conforman o currículo para formar o cadro cultural no cal as creacións musicais se desenvolveron ao longo do tempo e favorecen a consecución dun xeito máis diversificado dos obxectivos xenerais da etapa.

- O sentimento de pertenza a un grupo adquire especial importancia no período da adolescencia; este rango xunto o desenvolvemento de habilidades técnicas, conceptuais e actitudinais, farán da práctica musical de conxunto o eixe da educación musical deste período. A participación no conxunto vocal ou instrumental, esixe, de forma progresiva, a coordinación dun maior número de planos sonoros simultáneos, o acatamento dunhas normas básicas necesarias para o bo funcionamento do grupo, técnicas de traballo cooperativo e respecto polo traballo dos demais.

A Música en toda a súa dimensión permite unha dobre función no desenvolvemento da alumna e do alumno, dende o punto de vista persoal e na formación dos fundamentos técnicos e científicos do enriquecemento cultural. Así pois, é necesaria unha sólida formación musical como elemento indispensable na educación das persoas.

Do mesmo xeito, o Departamento de Música incorpora as materias de Cultura Audiovisual I e II aos curso 1º e 2º de Bacharelato coa finalidade de afondar e preparar ao alumnado na comprensión dunha realidade mediada que é e será a norma nas sociedades do século XXI. Música e imaxe formando unha nova linguaxe con código e significación propia que a través da materia coñeceremos para ser quen de comprender e producir mensaxes empregando este novo código.

## 2. COMPETENCIAS CHAVE en relación cos ESTÁNDARES de APRENDIZAXE.

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da **conciencia e expresións culturais** en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico os que se circunscribe cada obra.

Colabora no desenvolvemento da **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, mediante o traballo colaborador e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

A música contribúe tamén á **competencias sociais e cívicas**. A participación en actividades musicais de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, favorece a adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento da a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

A música tamén contribúe de xeito directo ao **desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital.** O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender**, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise. Este potencial vese ampliado coa creación das seccións bilingües que potencia e reforzan a aprendizaxe dunha lingua estranxeira en diversos contextos comunicativos máis que analíticos.

Respecto á competencia en **comunicación lingüística**, a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera. Desenvolver unha Sección Bilingüe dende unha área do currículo non lingüística fomenta máis aínda dita competencia ao permite reproducir contextos de

aprendizaxe significativos e motivadores, xa que non é a lingua en si o obxecto de estudo, senón o uso práctico da mesma.

A música contribúe á **competencia matemática** poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outras parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal. Desde o punto de vista da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico a música realiza a súa achega á mellora da calidade do ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

Deste xeito establecemos a seguinte relación entre as seis competencias chave e os estándares de aprendizaxe que nos han de guiar no desenvolvemento da programación didáctica e de aula.

| | |
|---|---|
| **Comunicación Lingüística (CCL)** | – Expresarse oralmente de xeito ordenado e claro<br>– Empregar unha entoación e prosodia axeitada á situación<br>– Ser capaz de empregar diversos rexistros de lingua segundo requira a situación<br>– Manexar elementos de comunicación non verbal<br>– Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás e académicas.<br>– Manexar con corrección un vocabulario básico de termos musicais |
| **Competencia Matemática e Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)** | – Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no entorno natural e as repercusións na vida futura no referido a contaminación acústica.<br>– Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao cuidado saudable do mesmo, sobre todo no que afecta a problemas futuros de saúde.<br>– Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos asociados a teoría musical<br>– Aplicar as estratexias de resolución de problemas a vida cotiá: estudo, relacións interpersoais, etc. |
| **Competencia dixital (CD)** | – Facer un uso creativo, crítico, seguro e responsable das novas tecnoloxías da información<br>– Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento<br>– Empregar distintos canles de comunicación audiovisual para transmitir información de diversa índole<br>– Empregar de xeito eficiente diversas fontes para unha busca efectiva de información. |
| **Competencia aprender a aprender (CAA)** | – Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.<br>– Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos<br>– Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe a través das habilidades de iniciar, organizar y persistir no estudo. |
| **Competencias sociais e cívicas (CSC)** | – Implicarse e interaccionar dentro dun grupo con respecto e identidade<br>– Desenvolver o sentido de responsabilidade, amosando comprensión e respecto polos valores  e ideas alleas.<br>– Coñecer a aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá<br>– Desenvolver capacidades de diálogo cos demais e situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos<br>– Aprender a comportarse en diferentes ámbitos sociais e culturais |
| **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** | – Desenvolver a capacidade de transformar as ideas en actos a través da creatividade, autocoñecemento, autoestima, autonomía e independencia.<br>– Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.<br>– Xestionar o traballo de grupo, xestionando tarefas e tempos<br>– Dirimir as necesidades de axuda en función da dificultade da tarefa. |
| **Conciencia e expresión cultural (CCEC)** | – Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade a través de códigos artísticos<br>– Comprender e valorar cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións musicais<br>– Valorara interculturalidade como fonte de riqueza persoal, cultural e social<br>– Expresar sentimentos e emocións dende os códigos artísticos<br>– Apreciar a beleza das expresións artísticas no cotiá<br>– Crear producións individuais e grupais cunha finalidade estética |

## 3. OBXECTIVOS POR CURSO

A ensinanza da música na etapa secundaria obrigatoria plantéxanse como obxectivos xerais o desenvolvemento das seguintes capacidades:

a) Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.

b) Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.

c) Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

d) Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.

e) Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información -medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.

f) Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e á aprendizaxe autónoma da música.

g) Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.

h) Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.

i) Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música lle proporciona á comunidade.

j) Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

Os obxectivos xerais da área para toda a etapa educativa secundaria obrigatoria concrétanse para cada curso do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| **2º ESO** | -Diferenciar entre son afinado e ruído.<br>-Identificar os elementos do son: timbre, duración, intensidade e altura.<br>-Diferenciar auditivamente os ritmos básicos: binario e ternario.<br>-Diferenciar os temas ou frases diferentes que se escoitan nas pezas musicais propostas para tal fin.<br>-Diferenciar auditivamente intervalos básicos.<br>-Recoñecer auditivamente o efecto das alteracións.<br>-Diferenciar unha escala diatónica dunha pentatónica<br>-Diferenciar matices, termos de velocidade e carácter nas audicións propostas para tal fin.<br>-Identificar e clasificar as voces humanas polo seu rexistro e coñecer as máis habituais.<br>-Identificar polo seu timbre os instrumentos percusivos de altura indeterminada e determinada.<br>-Coñecer auditivamente os instrumentos musicais (sós ou combinados con outros instrumentos) da orquestra, da banda e populares galegos e doutras comunidades e clasificalos na familia á que pertencen.<br>-Identificar os instrumentos que sobresaen na melodía e os que destacan no acompañamento nos fragmentos de audicións propostas.<br>-Coñecer e identificar as agrupacións instrumentais máis habituais.<br>-Seguir a liña melódica nunha partitura mentres escoitan unha audición.<br>-Ser capaces de seguir unha partitura mentres escoitan unha canción.<br>-Coñecer e apreciar a música culta, escoitando fragmentos de obras de diversas épocas artísticas.<br>-Coñecer e apreciar a música popular instrumental galega e doutras comunidades e culturas. |

| | |
|---|---|
| | -Coñecer e diferenciar estilos musicais que se popularizaron ao longo da historia da sociedade coma o jazz, rock, folk…<br><br>-Entoar fragmentos rítmico-melódicos coa voz.<br><br>-Interpretar con percusión corporal e instrumental (pequena percusión) fragmentos rítmicos.<br><br>-Interpretar unha melodía con instrumentos escolares de altura determinada: frauta e instrumentos de lámina.<br><br>-Aprender normas e actividades básicas da interpretación grupal: silencio, atención ao director/a, memoria musical, expresión, matices…<br><br>-Utilizar as TIC nas actividades musicais propostas e coñecer a súa utilidade.<br><br>-Conseguir que se interesen pola correcta interpretación musical grupal, creando un ambiente de colaboración e respecto.<br><br>-Potenciar a memorización de melodías para cantar e /ou tocar e os acompañamentos instrumentais e corporais.<br><br>-Potenciar a lectura de partituras ao seu nivel con certa soltura. |
| -E | -Explorar e practicar as posibilidades da voz e do seu corpo na interpretación musical.<br><br>-Improvisar esquemas rítmicos co corpo e con instrumentos escolares.<br><br>-Crear unha coreografía en grupo para unha música ou una danza<br><br>-Realizar traballos de investigación sobre diferentes aspectos da arte musical.<br><br>-Escoitar e aprender os diferentes estilos que xorden na música popular (jazz, rock, folk, música tradicional…).<br><br>-Utilizar material impreso, internet, DVD para investigar coñecer, ver e escoitar instrumentos, agrupacións instrumentais e vocais, grandes intérpretes, estilos musicais…<br><br>-Escoitar e analizar a música nos medios de comunicación: cine, tv, radio, internet… |

| | |
|---|---|
| **3º ESO** | * Identificar e clasificar as voces humanas polo seu rexistro e coñecer as máis habituais.<br><br>* Coñecer auditivamente os instrumentos musicais (sós ou combinados con outros instrumentos) da orquestra, da banda e populares galegos e doutras comunidades e clasificalos na familia á que pertencen.<br><br>* Coñecer e apreciar a música culta, escoitando fragmentos de obras de diversas épocas artísticas.<br><br>* Coñecer ritmos e danzas latinas así como outros estilos musicais que se popularizaron ao longo da historia da sociedade coma o jazz, rock.. Interpretar con percusión corporal e instrumental (pequena percusión) fragmentos rítmicos.<br><br>* Aprender normas e actividades básicas da interpretación grupal: silencio, atención ao director/a, memoria musical, expresión, matices…<br><br>* Realizar en grupo dramatizacións, movementos e danzas.<br><br>* Utilizar as TIC nas actividades musicais propostas e coñecer a súa utilidade.<br><br>* Potenciar a lectura de partituras ao seu nivel con certa soltura.<br><br>* Explorar e practicar as posibilidades da voz e do seu corpo na interpretación musical.<br><br>* Realizar traballos de investigación sobre os diferentes estilos musicais que escoitan.<br><br>* Coñecer as diferentes épocas artísticas que se desenvolveron ao longo da historia da música.<br><br>* Aprender o nome dos compositores máis relevantes da música culta e saber encadralos na súa época artística.<br><br>* Escoitar e aprender os diferentes estilos que xorden na música popular (jazz, rock, folk, música tradicional…).<br><br>* Escoitar e e analizar a música nos medios de comunicación e coñecer a evolución da música de consumo na sociedade.<br><br>* Valorar e respectar todas as manifestación musicais que escoiten ao longo do curso entendéndoas no seu contexto histórico. |

| | |
|---|---|
| **4º ESO** | -Analizar a música como un elemento cunha presenza constante na vida das persoas. Reflexión sobre a necesidade do silencio.<br>-Escoitar, recoñece e analizar músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.<br>-Utilizar distintas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas.<br>-Estudar a presencia da música nos medios de comunicación e os factores que inflúen nas preferencias e as modas musicais.<br>-Empregar un vocabulario apropiado para facer comentarios sobre música.<br>-Coñecer as novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os profesionais da música e a industria musical.<br>-Amosar interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.<br>-Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.<br>-Practicar e aplicar habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental e no movemento e a danza.<br>-Interpretar de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.<br>-Utilizar diferentes técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, a elaboración de arranxos e a creación de pezas.<br>-Planificar, ensaiar, interpretar e dirixir espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.<br>- Identificar e describir distintas facetas e especialidades no traballo dos músicos.<br>-Perseverar na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo e a creación musical.<br>-Amosar interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.<br>-Reflexionar sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos ordenadores.<br>-Utilizar dispositivos electrónicos, internet e software musical para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. |

| | |
|---|---|
| | -Aplicar diferentes técnicas de gravación, analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>-Analizar as funcións da música en distintas producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.<br>-Utilizar os medios audiovisuais e as TICs como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais. |

**CULTURA AUDIOVISUAL I e II**

Esta materia pretende iniciar os/as estudantes na fabricación das súas propias imaxes e dos seus propios produtos audiovisuais, de natureza tanto estática (como a fotografía) como dinámica (como o vídeo). Para isto cómpre que o alumnado estea en situación de analizar, relacionar e comprender os elementos que forman parte da cultura audiovisual do noso tempo. A cantidade de información que circula na actualidade, construída a partir de elementos técnicos audiovisuais (fotografía, cine, vídeo, televisión e mesmo radio) é dunha importancia e dunha magnitude dunhas dimensións que nunca se deron na historia da humanidade.

A sociedade moderna ten como un dos seus sinais de identidade a presenza de imaxes dixitais en practicamente calquera actividade que desenvolva. Desde as orixes da humanidade, no paleolítico, a evolución social dos pobos tivo a súa plasmación gráfica, en representacións icónicas ao longo do tempo, na que se reflicte o ámbito en que viven, utilizando para iso variadas ferramentas ao longo do tempo (nomeadamente o debuxo, a escultura e a pintura).

A aparición da fotografía e o cine no século XIX trouxo un novo xeito de reflectir a realidade, baseado na impresión da imaxe nunha película. Unha das novidades do novo produto foi que a imaxe obtida gozou desde a súa orixe de percepción por parte da sociedade de imaxe verosímil e sen manipular, é dicir, de reflexo certo do real que alí se reflectía. Xunto a isto, a posibilidade de reprodución, practicamente ilimitada, destes elementos permitiu o acceso a esta información á maioría da sociedade, preferentemente occidental, abranguendo, probablemente por primeira vez na historia, todas as capas sociais. Desde entón, a sociedade viviu unha nova relación de comunicación entre os seus elementos, baseada dun modo crecente en medios audiovisuais.

A historia do século XX non se pode concibir sen o uso da imaxe e o son como ferramentas de datación e avaliación dos feitos acontecidos; analizar calquera fito histórico e non recorrer a algún tipo de imaxe fotográfica ou cinematográfica asociada é unha tarefa difícil de concibir na mentalidade actual. O século XXI presenta na súa cabeceira unha nova revolución social nas comunicacións: a era dixital e internet. Estes

dous elementos están a supor un cambio tal nos comportamentos sociais que custa aventurar cara a onde camiñan as novas xeracións nacidas dentro deste sistema de información e intercambio de datos. Por primeira vez na historia practicamente todo o mundo, en todos os países, ten ferramentas de recepción e envío de información no instante, información que se constrúe coas ferramentas que esta materia trata de analizar para facilitar a aprendizaxe.

Unha circunstancia recente xurdida das novas plataformas dixitais é a posibilidade de publicar na rede produtos construídos con moi poucos medios técnicos e á marxe da industria dedicada á produción dixital. Estas producións individuais poden ser vistas e/ou escoitadas por millóns de persoas. Por vez primeira na historia, os/as creativos/as poden alcanzar o recoñecemento da súa obra sen pasar polo filtro da industria audiovisual. Este apoio inicial serve como indicativo de calidade para unha posterior integración de novos/as creadores/as dentro da industria audiovisual. Por outra banda, a facilidade de exposición do material ("subir á rede") non supón un aumento da calidade do creado; moi ao contrario, a realidade indícanos que a posibilidade ilimitada de xerar fotos, vídeos, blogs e páxinas web sen a axuda do criterio razoado da industria está a inundar o mercado audiovisual de produtos de calidade moi deficiente. Resulta pertinente, xa que logo, que os alumnos e as alumnas entendan a importancia do proceso creativo e a súa relación inescusable coa industria que se encarga de xestionalo.

Outra das novidades que presenta o mundo dixital actual, que o diferencia das súas orixes (sistemas analóxicos), é a posibilidade de xeración de imaxes artificiais ou alteradas dun modo dificilmente distinguible da imaxe obtida por pura impresión da realidade. Os modernos sistemas dixitais de edición permiten crear ou modificar a realidade da imaxe cunha calidade dificilmente distinguible da simple plasmación da realidade nun fotograma de celuloide. Por tanto, faise necesario e pertinente facilitarlle ao alumnado ferramentas técnicas e educativas que lle axuden a xestionar a marea de datos, información, imaxes, sons e posibilidades creativas que diariamente recibe en case todos os ámbitos nos que se desenvolve a súa vida.

A intensidade e a efectividade que conseguen as creacións plásticas realizadas en soporte dixital son, indubidablemente, dunha forza impresionante, posto que combinan sabia ou atinadamente imaxes, música e mensaxes sonoras. Trátase, daquela, de que o

alumnado comprenda e analice a cultura audiovisual da sociedade na que vive e os medios de produción utilizados para xerala; deste xeito, poderá ser quen de desenvolver un sentido crítico e persoal, para ordenar a información recibida e temperar a intensidade da potencia icónica que o mundo audiovisual xera. A adquisición de competencias para a análise dos elementos expresivos e técnicos, e a dotación de conciencia crítica, debe servir para crear unha cidadanía máis responsable, crítica e participativa.

Esta materia ten un carácter propedéutico necesario e básico para o seu desenvolvemento en etapas posteriores, xa sexa en estudos universitarios de comunicación audiovisual e publicidade, belas artes, etc., ou xa nos de formación profesional de imaxe e son e nas ensinanzas artísticas. Neste sentido o, o ensino desta materia estrutúrase en dous camiños paralelos e complementarios. O primeiro deles é a análise dos produtos que se presentan por medios dixitais: aprender a ver, a escoitar, a discernir o que se di, como se di e por que se lle presenta ao/á espectador/a dun xeito determinado. O segundo é a creación por parte do alumnado de produtos audiovisuais; aprender o proceso creativo dos produtos audiovisuais é, probablemente, unha das mellores ferramentas para o desenvolvemento persoal e humano, que lles podemos facilitar aos alumnos e ás alumnas para a comprensión dos contidos que reciben por medios dixitais. Estas dúas vías son, por tanto, imprescindibles e complementarias na formación; cada unha axuda a outra para camiñar xuntas no obxectivo de formar o alumnado nunha materia tan apaixonante como é a creación audiovisual.

O alumnado necesitará saber ler os produtos audiovisuais para comprender a súa mensaxe e, de xeito complementario, empezar a xerar produtos dixitais, co fin de se comunicar e coñecer mellor a realidade da cultura audiovisual. Cultura Audiovisual desenvólvese durante dous cursos académicos, co criterio organizador de afianzar no primeiro curso de bacharelato as habilidades e os coñecementos necesarios para o seu desenvolvemento, e a súa aplicación técnica no segundo curso. No primeiro curso o alumnado analizará a evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais, e as funcións e as características da imaxe fixa e en movemento, co fin de crear narracións audiovisuais sinxelas. No segundo curso analizará a importancia da función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de creación de audiovisuais e, así mesmo, comprenderá a organización da produción de audiovisuais e as características dos novos medios e das mensaxes publicitarias, co fin de valorar e realizar produtos audiovisuais sinxelos.

| | |
|---|---|
| **Cultura Audiovisual I (1º Bach.)** | a) Coñecer o concepto de medios audiovisuais, as súas características principais, a evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais e comprender o mundo audiovisual como representación do mundo real.<br>b) Comprender o proceso de percepción visual da luz.<br>c) Analizar as características propias da imaxe representada: funcións e forma, así como a evolución da construción de imaxes fixas ao longo da historia da arte.<br>d) Entender as funcións estéticas, sociais e artísticas da expresión visual.<br>e) Comprender o proceso de percepción auditiva do son<br>f) Analizar as características propias do son: forma e bases construtivas de mensaxes sonoros, así como a evolución ao longo da historia.<br>g) Entender as funcións estéticas, sociais e artísticas da expresión sonora<br>h) Entender o proceso de captación de imaxes nas súas diversas técnicas, así como a composición e elaboración de produtos comunicativos visuais.<br>i) Entender o proceso de captación do son, así como os tipos esenciais de microfonía, a gravación e difusión musical e os sistemas monofónicos, estereofónicos, dolby surround. Mp3 e outros posibles.<br>j) Comprender a relación perceptiva entre imaxe e son: diálogos, voz en off, efectos especiais e música. Adecuación da música e dos sons ás intencións expresivas e comunicativas. Integración do son nas producións audiovisuais.<br>k) Coñecer os elementos expresivos do son en relación coa imaxe, as funcións da banda sonora e os grandes creadores.<br>l) Comprender os sistemas de relacións espazo-temporais na narración audiovisual. Flashforward e flashback. Literatura e guión |

| | |
|---|---|
| | cinematográfico. Sinopse. Escaleta. Guión literario. Secuencia. Guión técnico. Storyboard. mas de captación de imaxes en movemento.<br>m) Ser capaz de crear unha produción audiovisual breve empregando todo o aprendido |

| | |
|---|---|
| **Cultura Audiovisual II (2º Bach)** | a) Coñecer as características técnicas do son así como a súa función expresiva.<br>b) Diferenciar os sistemas de captación microfónica a partir das necesidades de obtención do son.<br>c) Coñecer as técnicas de gravación, difusión e almacenamento de son.<br>d) Coñecer as relacións entre imaxe e son nas producións audiovisuais.<br>e) Analizar a adecuación da música e dos sons ás intencións expresivas e comunicativas.<br>f) Analizar a calidade da composición musical nas bandas sonoras para o cine e a súa importancia no conxunto total da película.<br>g) Explicar a evolución do cine español a través das bandas sonoras de películas emblemáticas e compositores salientables.<br>h) Analizar a técnica narrativa do cine mudo e as súas características técnicas.<br>i) Comentar as diferenzas entre os gags visuais e sonoros no cine. Buster Keaton, Harold Lloyd. O *Slapstick* na obra de Max Sennet, Max Linder e Charlie Chaplin.<br>j) Estudiar las características de la comedia visual, dialogada y coral. |

| | |
|---|---|
| | k) Conocer el funcionamiento de la industria cinematográfica, videográfica e televisiva segundo a evolución histórica das actividades de produción audiovisual.<br>l) Analizar los organigramas e funcións profesionais na produción de produtos audiovisuais.<br>ll) Analizar as características técnicas e expresivas de diferentes medios de comunicación, así como as súas posibilidades informativas e comunicativas, e identificar os tipos de destinatarios das mensaxes.<br>m) Coñecer o Proceso de produción audiovisual e multimedia.<br>n) Creación de imaxes en movemento e efectos dixitais.<br>ñ) Analizar os procesos técnicos que se realizan na posprodución de pezas audiovisuais: noite americana, dobre exposición, croma e edición dixital.<br>o) Coñecer o mundo da televisión: Linguaxe da televisión. Características técnicas e expresivas. Xéneros e formatos de programas de televisión. A televisión do futuro. Televisión interactiva. Fitos da televisión na linguaxe audiovisual.<br>p) Analizar a importancia creativa, técnica e histórica dos/das principais realizadores/as da televisión en España.Tipoloxías de programas para televisión e a súa realización: informativos, entretemento, drama, comedia, terror, musicais, concursos, etc. Grandes realizadores/as.<br>q) Coñecer o mundo da Radio: características técnicas e expresivas. Xéneros e formatos de programas de radio (informativo, revista, retransmisión deportiva, etc.): características.<br>r) Comentar as diferenzas de formulación narrativa dos xéneros radiofónicos, e establecer as súas características principais.<br>s) Analizar e valorar a importancia económica dos índices de audiencia nos ingresos publicitarios das empresas de comunicación. |

| | |
|---|---|
| | t) Valorar a dimensión social e de creación de necesidades das mensaxes publicitarias, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria<br>u) Analizar os sistemas de inserción de publicidade nos programas de radio e televisión.<br>v) Desenvolver actitudes selectivas, críticas e creativas fronte ás mensaxes que recibimos a través das canles de difusión, aplicando solucións expresivas para elaborar pequenas producións audiovisuais.<br>w) Seleccionar e discernir recursos audiovisuais adaptados a unha necesidade concreta. |

## HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

A historia da música e da danza persegue proporcionar unha visión global do lugar que ocupan ambas na historia da arte e da súa achega á historia da humanidade, á vez que lle proporciona ao alumnado os fundamentos de comprensión, análise e valoración das creacións producidas no pasado e no presente, de maneira que poida ter criterios para establecer xuízos estéticos propios sobre elas e sobre a súa difusión e consumo na sociedade actual.

Esta materia do bacharelato de artes introduce o alumnado no descubrimento dun amplo espectro de manifestacións e estilos, así como de diferentes modos de concibir a creación nestas disciplinas artísticas que, estreitamente relacionadas, discorren conxuntamente ao longo do tempo. Este carácter integrador da materia fai posible aproximarse á evolución das devanditas creacións entendéndoas como un todo. O seu coñecemento permite abrir horizontes novos e ampliar a perspectiva a partir da que observar a música e a danza, non tanto a través dun estudo pormenorizado das persoas autoras ou do catálogo das súas obras, como da comprensión e valoración das grandes achegas individuais ou colectivas, das súas características e do seu devir no tempo.

A materia traza un amplo panorama histórico en que teñen cabida os diferentes períodos nos cales, cun criterio máis ou menos convencional, adoita dividirse a historia da música e da danza a partir das súas orixes ata os nosos días, afondando especialmente nas épocas de que nos chegou repertorio de obras. Así mesmo, son obxecto de estudo as características máis relevantes que configuran un estilo, as persoas autoras representativas de cada un e aquelas cuxas obras impulsaron a evolución e o cambio para novas concepcións estéticas da música e da danza.

Os contidos seleccionados proporcionan coñecementos que abordan aspectos históricos, sociolóxicos e estéticos da linguaxe, da expresión e da audición nos diferentes períodos históricos; a existencia de sonoridades e danzas propias de cada un; a creación ou permanencia das diversas formas musicais como un dos principais elementos delimitadores dos distintos estilos; a conexión entre música popular, música culta e danzas e a interpretación entendida como a tradución práctica do código correspondente ou proveniente da tradición. Estes contidos teñen como obxectivo principal o afondamento

no coñecemento da música e da danza desde distintas perspectivas: artística, científica, técnica e social.

A práctica habitual de escoitar, ver ou presenciar espectáculos musicais ou de danza de obras representativas dos períodos históricos e o uso de fontes de información para afondar no coñecemento das características estilísticas e as correntes estéticas dos contextos en que se desenvolveron estas artes moldearán o gusto do alumnado e proporcionaranlle unha maior perspectiva a partir da cal contemplar a creación artística.

Os coñecementos adquiridos permitiranlle comprender a evolución da música e da danza, establecer asociacións con outras manifestacións artísticas das sociedades en que se produciron, situar temporalmente as obras e, finalmente, construír argumentacións fundadas na súa análise e a valoración. Hai que insistir en que a perspectiva debe ser eminentemente práctica; nela, debe perseguirse a participación activa do alumnado e a discusión de diferentes opinións ao fío das cuestións suscitadas polo profesorado.

Aínda así, a materia non debe desligarse por completo dunhas bases teóricas, que deben vir da man fundamentalmente das propias fontes históricas. Deste xeito o alumnado debe familiarizarse coa lectura dos documentos e fontes que lle faciliten a comprensión de todo o relativo á música e á danza, relacionándoas coa información e as claves creativas e culturais proporcionadas polas propias persoas creadoras. O alumnado xa tratou, sucintamente, estes contidos na materia de música ao longo da etapa anterior. Polo tanto, os seus coñecementos previos facilítanlle a aprehensión dos contidos, especialmente dos relacionados coa historia da música e a presenza da música na sociedade. O coñecemento destes contidos desenvolverá a súa cultura; a integración de todos eles engade ao seu acervo académico habilidades e estratexias metodolóxicas que lle posibilitarán acceder e procesar os datos para, posteriormente, reflexionar autonomamente sobre eles. Así, a súa incorporación habilitarao para situar, comprender, asimilar e comentar calquera obra que se someta á súa consideración.

O importante é que, unha vez que se curse esta materia, todas as alumnas e todos os alumnos adquiran unha formación máis ampla, unha visión máis global do lugar que ocupan a música e a danza na historia da arte e posúan criterio para establecer xuízos estéticos propios. A materia organízase en bloques que responden aos diversos períodos

histórico-estilísticos, razón pola cal a maior parte dos contidos foron redactados como conceptos. A pesar disto, a interrelación do primeiro bloque cos demais sitúa, como ferramentas habituais do traballo diario, os procedementos. Finalmente, e como é inherente a toda actividade baseada na música e na danza, a actitude de escoita e observación, interese e respecto, así como de apertura de miras ante todo o que resulte novo, debe estar sempre presente na materia por parte do alumnado.

| | |
|---|---|
| **Historia de la Música y la Danza (2º Bach)** | 1. Captar a través da audición e/ou visión de obras representativas, con ou sen apoio de partituras, as súas principais características formais, estéticas e estilísticas, co fin de situalas nos diferentes períodos da historia da música e da danza.<br>2. Coñecer as características dos diferentes períodos estilísticos da música e da danza, mediante o estudo das súas obras e persoas creadoras máis representativas, para comprender a evolución e importancia destas disciplinas artísticas no transcurso da historia.<br>3. Coñecer e valorar a importancia da música e a danza como manifestacións artísticas dunha sociedade, así como as súas relacións coa literatura e as demais artes, considerando a influencia de factores de tipo cultural, sociolóxico e estético no proceso creativo.<br>4. Desenvolver e ampliar a formación estética e o espírito crítico, adquirindo o hábito de escoitar ou presenciar espectáculos de música e de danza, en gravacións ou ben en directo, procedentes tanto da tradición clásica como doutras culturas ou de tendencias populares urbanas actuais, con vistas a construír un pensamento estético autónomo, aberto e flexible.<br>5. Empregar un léxico e terminoloxía apropiada, sexa oralmente ou por escrito, para expresar procesos musicais ou coreográficos, así como para formular e defender as súas valoracións críticas e persoais.<br>6. Utilizar con autonomía e creatividade as fontes bibliográficas e as tecnoloxías da información e da comunicación, valorando a súa utilidade como recursos tanto para o coñecemento e a investigación como para o lecer.<br>7. Valorar e coñecer as achegas realizadas polo Estado español, e en particular por Galicia, á música e á danza, con vistas a apreciar a súa relación co patrimonio artístico e cultural e apreciar a riqueza dos seus propios sinais de identidade.<br>8. Comprender e respectar as diversas manifestacións artísticas contemporáneas, impulsando a súa curiosidade e interese cara a elas, con vistas a fomentar a ampliación, de xeito autónomo, das súas preferencias e gustos persoais.<br>9. Comprender o proceso de creación musical e coreográfica distinguindo os axentes que inflúen directamente na súa difusión: intérpretes, instrumentos, gravacións, partituras, medios de comunicación, etc. |

# 4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

## 2º ESO: PRIMEIRO TRIMESTRE

### UNIDAD 1: O SON

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| Desenvolver unha escoita activa<br>- Discriminar as cualidades do son<br>- Comprender o feito sonoro na súa totalidade | **Escoita** | - Son, silencio e ruído<br>- Cualidades do son<br>- O proceso de audición | - Recoñecer a dimensión cotiá do son e valorar a importancia do silencio e das súas cualidades | - Coñece o son como fenómeno físico e as cualidades | CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | - A capacidade expresiva da voz | - Coñecer as posibilidades expresivas de voz humana | - Entoa con afinación apropiada | SIEP<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Contexto sociocultural das audicións. | Adquirir a capacidade de discriminar características culturais | Coñecer as características musicais das audicións propostas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | - Gravación de sons e voces | - Saber gravar sons do entorno | - Grava sons empregando a tecnoloxía móvil. | CD<br>CMCT |

### UNIDADE 2: LINGUAXE MUSICAL (I)

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as bases da linguaxe musical<br>- Iniciarse na lectoescritura | **Escoita** | - Os sons musicais naturais<br>- As duracións | - Recoñecer os sete sons naturais<br>- Recoñecer as duracións e equivalencias entre figuras | - Recoñece os sete sons naturais<br>- Recoñece as duracións e equivalencias de figuras | CAA<br>CMCT<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | - Interpretación vocal e instrumental<br>- Lectoescritura musical | - Coñecer as posibilidades expresivas de voz e instrumentos | - Entoa con afinación apropiada<br>- Participa de xeito activo nas actividades de práctica instrumental | SIEP<br>CSYC<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Contextos musicais** | Investigación sobre o contexto das partituras interpretadas | - Ser efectivo na procura de información relevante. | - Realiza procuras efectivas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | -Editor de partituras<br>- Procura de información na rede | - Empregar con soltura un editor de partituras<br>- Desenvolver boas procuras na rede | - Emprega o editor de partituras con soltura.<br>- Sabe onde procurar información. | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 3: RITMO**

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Discriminar auditivamente os parámetros rítmicos.<br>- Comprender a equivalencia entre figuras.<br>- Entender o concepto de compás | **Escoita** | - Discriminación de ritmos básicos<br>- Comprensión del sistema de figuras musicais | - Discriminar patróns rítmicos básicos<br>- Entender a equivalencia entre figuras | - É capaz de discriminar patróns rítmicos.<br>- Entende o sistema de figuras | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | - Ditados rítmicos<br>-Interpretación rítmica de conxunto | - Reproducir ou escribir o ritmo proposto.<br>- Interpretar en grupo obras rítmicas, percusión corporal, baquetas | - É capaz de realizar ditados rítmicos.<br>- Participa activamente e tenta mellora na súa práctica | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Ritmos e danzas asociados aos distintos tipos de compases | - Coñecer o contexto cultural dos ritmos e danzas asociados aos compases | - Coñece os ritmos e danzas máis representataivos de cada compás | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Escritura rítmica en el MuseScore | - Empregar con maestría o editor de partituras | - Manexa o editor de partituras con soltura | CD<br>CMCT |

## 2º ESO: SEGUNDO TRIMESTRE

### UNIDADE 4: MELODÍA

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Recoñecer auditivamente unha melodía<br>- Comprender os conceptos de intervalos e escala<br>- Describir melodía sinxelas empregando os parámetros aprendidos | **Escoita** | - Recoñece melodías xa escoitadas no aula<br>- Escalas e intervalos | - Recoñecer as audicións realizadas na aula.<br>- Comprender e se capaz de facer escalas e intervalos | - Recoñece as audicións entrenadas na aula<br>- Sabe facer escalas ei ntervalos | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | - Interpretación de conxunto<br>- Creación dunha pequena melodía | - Crear unha pequena melodía de 8 compases<br>- Interpretar en grupo obras melódicas | - Crea unha melodía e tenta mellorala<br>- Participa con interés na práctica grupal. | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Contexto sociocultural das melodías escoitadas no aula | Coñecer o contexto sociocultural das melodías traballadas na aula | Coñece o contexto sociocultural das melodías traballadas na aula | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Discrimina intervalos usando el programa EarTraining | - Mellorar o ouvido musical empregado o EarTraining | Mellora a súa discriminación auditiva co EarTraining | CD<br>CMCT |

### UNIDADE 5:LINGUAXE MUSICAL (II)

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| -Coñecer os signos de repetición.<br>-Coñecer as alteracións<br>- Coñecer as indicacións de velocidade | **Escoita** | Recoñece o termo empregado para indicar a velocidade dunha obra | Recoñecer os termos empregados para indicar velocidade | Recoñece os indicativos de velocidade | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | - Sabe executar correctamente os signos de repetición presentes nunha | - Executar correctamente os signos de repetición presentes nunha partitura. | - Executa correctamente os signos de repetición presentes nunha partitura. | SIEP<br>CSYC<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | partitura.<br>- Comprende o significado e sabe utilizar as alteracións | - Comprender o significado e sabe utilizar as alteracións | - Comprende o significado e sabe utilizar as alteracións | |
| | **Contextos musicais** | Contexto sociocultural das melodías escoitadas no aula | Coñecer o contexto sociocultural das melodías traballadas na aula | Coñece o contexto sociocultural das melodías traballadas na aula | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Editor de partituras | Saber escribir os novos signos en el editor de partituras | Sabe escribir os novos signos en el editor de partituras | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 6: TEXTURA**

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Comprender o concepto de textura<br>- Analizar a relación entre texturas e estilos musicais<br>- Construir acordes | **Escoita** | - A textura nunha melodía<br>- Recoñece auditivamente os tres tipos de textura | - Recoñecer auditivamente a textura nunha melodía<br>- Recoñecer auditivamente os tres tipos de textura | - Recoñece auditivamente a textura nunha melodía<br>- Recoñece auditivamente os tres tipos de textura | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | - Melodías paralelas<br>- Acordes | - Crear melodías paralelas coas normas clásicas<br>- Facer acordes e nomealos | - Sabee crear melodías paralelas seguindo as normas clásicas<br>- Sabe facer e nomear acordes | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Relación entre texturas e estilos musicais | Coñece a relación entre texturas e estilos musicais | Coñecer a relación entre texturas e estilos musicais | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Editor de partituras | Saber escribir acordes co editor | Sabe escribir acordes co editor | CD<br>CMCT |

## 2º ESO: TERCEIRO TRIMESTRE

### UNIDADE 7: A VOZ

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer o aparato fonador<br>- Saber como emitir, entoar e proxectar a voz<br>- Recursos expresivos da voz<br>- As voces humanas | **Escoita** | - Clasificación das voces humanas.<br>- Recursos expresivos da voz | - Recoñecer as distintas voces humanas<br>- Recoñecer os recursos expresivos da voz | - Recoñece as distintas voces humanas<br>- Recoñece os recursos expresivos da voz | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Técnica  e hixiene vocal | Empregar unha boa técnica vocal para a emisión da voz falada e cantada. | Emprega unha boa técnica vocal para a emisión da voz falada e cantada. | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Escolas de técnica vocal | Coñecer as aportacións das distintas escolas de técnica vocal | Coñece as aportacións das distintas escolas de técnica vocal | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Gravación e tratamento de audio. Audacity | Gravar e editar audio | É caoaz de grabar e editar pistas de audio | CD<br>CMCT |

### UNIDADE 8: INSTRUMENTOS

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características dos instrumentos musicais<br>- Deseñar un aperello sonoro<br>- Relacionar | **Escoita** | Familias instrumentais: corda, vento, percusión | Recoñecer auditivamente os instrumentos musicais | Recoñece auditivamente os instrumentos musicais | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Deseño dun instrumento musical existente o inventado | Deseñar en grupo un instrumento musical | Deseña en grupo un instrumento musical | SIEP<br>CSYC<br>CMCT |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| instrumentos, épocas e estilos. | **Contextos musicais** | Épocas e estilos nos que máis se utiliza cada instrumento | Coñecer as épocas e estilos nos que máis se utiliza cada instrumento | Coñece as épocas e estilos nos que máis se utiliza cada instrumento | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Construción de un instrumento musical | Construír un instrumento musical seguindo o deseño propio | Constrúe un instrumento musical seguindo o deseño propio | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 9: ESTRUTURAS MUSICAIS**

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Comprender o concepto de estrutura musical<br>- Coñecer as estruturas musicais básicas | **Escoita** | - Estruturas binarias e ternarias<br>- Tema con variacións | - Discriminar auditivamente estruturas binarias e ternarias<br>- Discriminar en un Tema cos variacións seus elementos | - Discrimina estruturas binarias e ternarias<br>- Discrimina los elementos de un Tema con variacións | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Composición empregando a estrutura tema con variacións | Crear una composición empregando a estrutura tema con variacións | Crea una composición empregando a estrutura tema con variacións | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Orixe sociocultural das estruturas básicas | Coñecer a orixe sociocultural das estruturas básicas | Coñece a orixe sociocultural das estruturas básicas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | MuseScore | Saber escribir unha composición cun editor de partituras | Sabe escribir unha composición cun editor de partituras | CD<br>CMCT |

## 3ºESO: PRIMEIRO TRIMESTRE

### UNIDADE 1:EVOLUCIÓN DA ESCRITA MUSICAL

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as orixes da escrita musical<br>- Analizar a evolución dende a escritura alfabética até a actual | **Escoita** | - Audición comentada | Ser capaz de realizar pequenos comentarios sobre as audicións propostas | É capaz de realizar pequenos comentarios sobre as audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | - Deseña un sistema de notación para as novas sonoridades electrónicas | Deseñar un sistema de notación musical | Deseña un sistema de notación musical | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | -Alfabética, neumática<br>- Grandes figuras na evolución da escrita musical | Coñecer os avances en notación musical | Coñece os avances en notación musical | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Power point sobre grafía musical | Construír un power point sobre grafía musical | Constrúe un bo esquema sobre grafía musical | CD<br>CMCT |

### UNIDADE 2: IDADE MEDIA

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características do Canto Gregoriano.<br>- Coñecer as características da Lírica Medieval<br>- Estudar as orixes | **Escoita** | Audicións comentadas da Idade Media: Puer Natus est nobis, Cantiga nº 100 | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Música e palabra: creación dun rap | Crear un rap sobre un tema de interés | Crea un rap cun texto sobre un tema de interés | SIEP<br>CCL<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| da polifonía | **Contextos musicais** | Características da época medieval | Coñecer as características da época medieval | Coñece as características da época medieval | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Audacity para crear unha base para o rap | Crear unha base musical para o rap | Crea unha base musical para o rap | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 3: RENACEMENTO**

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características da música relixiosa no Renacemento<br>- Coñecer as características de música profana no Renacemento<br>- Investigar sobre os instrumentos renecentistas | **Escoita** | Audicións comentadas do Renacemento: Hoy comamos e bebamos, danza tersicore | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Danzas renacentistas | Participar na creación de coreografías grupais | Participa na creación de coreografías grupais | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Características de época renacentistas | Coñecer as características de época renacentistas | Coñece as características de época renacentistas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación na rede sobre os instrumentos no Renacemento | Investigar na rede sobre os instrumentos no Renacemento | Investiga na rede sobre os instrumentos no Renacemento | CD<br>CMCT |

## <u>3º ESO: SEGUNDO TRIMESTRE</u>

### UNIDADE 4: MÚSICA BARROCA

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características da música barroca<br>- Coñecer aos principais compositores da época<br>- Investigar as relacións entre estilos musicais | **Escoita** | Audicións comentadas do Barroco: Vivaldi, Bach e Haendel | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Interpretación de pezas do Barroco | Interpretar de pezas do Barroco en grupo | Interpreta de pezas do Barroco participando activamente | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Características de época renacentistas | Coñecer as características de época renacentistas | Coñece as características de época renacentistas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación sobre a relación entre Barroco e Rock | Investigar na web a relación entre Barroco e Rock | Investiga na web a relación entre Barroco e Rock | CD<br>CMCT |

### UNIDADE 5: MÚSICA CLÁSICA

| Obxectivos didácticos | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características do clasicismo<br>- Estudar as principais formas musicais<br>- Investigar sobre | **Escoita** | Audicións comentadas do Clasicismo: Mozart, Haydn e Beethoven | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Práctica vocal e instrumental sobre música da época | Participar activamente nas actividades de práctica vocal e instrumental sobre música da época | Participar activamente nas actividades de práctica vocal e instrumental sobre música da época | SIEP<br>CSYC<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| compositores e compositoras da época | **Contextos musicais** | Características de época clásica | Coñecer as características de época clásica | Coñece as características de época clásica | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Video resumo dunha ópera de Mozart con Moviemarker | Realizar un video resumo dunha ópera de Mozart con Moviemarker | Realiza un video resumo dunha ópera de Mozart con Moviemarker | CD |

**UNIDADE 6: O PERÍODO ROMÁNTICO**

| Obxectivos didácticos | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características do período romántico<br>- Coñecer os compositores máis famosos<br>- Coñecer as principais formas | **Escoita** | Audicións comentadas da época: romanticismo, nacionalismo... | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Práctica vocal e instrumental sobre música da época | Participar activamente nas actividades de práctica vocal e instrumental sobre música da época | Participar activamente nas actividades de práctica vocal e instrumental sobre música da época | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Características de época romántica | Coñecer as características de época romántica | Coñece as características de época romántica | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Evolución do Nacionalismo musical. Googlemaps | Realizar unha investigación sobre a evolución do Nacionalismo musical. Googlemaps | Realiza unha investigación sobre a evolución do Nacionalismo musical. Googlemaps | CD<br>CMCT |

# 3ºESO: TERCEIRO TRIMESTRE

## UNIDADE 7: XÉNEROS MUSICAIS

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Comprender o concepto de xénero musical<br>- Estudar a clasificación de xéneros nas diversas categorías | **Escoita** | Audicións comentadas sobre xéneros musicais diversos. | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Mural/Collage sobre xéneros e grupos musicais | Realizar un Mural/Collage sobre xéneros e grupos musicais | Realiza un Mural/Collage sobre xéneros e grupos musicais | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Relación entre xéneros e épocas | Coñecer a relación entre xéneros e épocas | Coñece a relación entre xéneros e épocas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación na rede grupos e xéneros do século XXI | Investigar na rede grupos e xéneros do século XXI | Investiga na rede grupos e xéneros do século XXI | CD<br>CMCT |

## UNIDADE 8: MÚSICA POPULAR URBANA

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| -Coñecer as orixes da MPU.<br>- Estudar o Jazz como base da música actual<br>- Analizar a | **Escoita** | Audicións comentadas da época: rock, pop,... | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Interpretación vocal de temas da época | Participar activamente en actividades de interpretación vocal en grupo | Participa activamente en actividades de interpretación vocal en grupo | SIEP<br>CSYC<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| evolución de estilos e intérpretes dende a década de 1950 | **Contextos musicais** | A cultura na música popular urbana | Coñecer a relación entre cultura e música popular urbana | Coñece a relación entre cultura e música popular urbana | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación na rede sobre un estilo de MPU | Investigar na rede sobre un estilo de MPU | Investiga na rede sobre un estilo de MPU | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 9: HIXIENE VOCAL**

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer o aparato fonador<br>- Saber como emitir, entoar e proxectar a voz<br>- Recursos expresivos da voz<br>- As voces humanas | **Escoita** | - Clasificación das voces humanas.<br>- Recursos expresivos da voz | - Recoñecer as distintas voces humanas<br>- Recoñecer os recursos expresivos da voz | - Recoñece as distintas voces humanas<br>- Recoñece os recursos expresivos da voz | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Técnica e hixiene vocal | Empregar unha boa técnica vocal para a emisión da voz falada e cantada. | Emprega unha boa técnica vocal para a emisión da voz falada e cantada. | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Escolas de técnica vocal | Coñecer as aportacións das distintas escolas de técnica vocal | Coñece as aportacións das distintas escolas de técnica vocal | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Gravación e tratamento de audio. Audacity | Gravar e editar audio | É caoaz de grabar e editar pistas de audio | CD<br>CMCT |

## 4º ESO: PRIMEIRO TRIMESTRE

### UNIDADE 1: XÉNEROS MUSICAIS

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Comprender o concepto de xénero musical<br>- Estudar a clasificación de xéneros nas diversas categorías | **Escoita** | Audicións comentadas sobre xéneros musicais diversos. | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Mural/Collage sobre xéneros e grupos musicais | Realizar un Mural/Collage sobre xéneros e grupos musicais | Realiza un Mural/Collage sobre xéneros e grupos musicais | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Relación entre xéneros e épocas | Coñecer a relación entre xéneros e épocas | Coñece a relación entre xéneros e épocas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación na rede grupos e xéneros do século XXI | Investigar na rede grupos e xéneros do século XXI | Investiga na rede grupos e xéneros do século XXI | CD<br>CMCT |

### UNIDADE 2: MÚSICA POPULAR URBANA

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| -Coñecer as orixes da MPU.<br>- Estudar o Jazz como base da música actual<br>- Analizar a | **Escoita** | Audicións comentadas da época: rock, pop,... | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Interpretación vocal de temas da época | Participar activamente en actividades de interpretación vocal en grupo | Participa activamente en actividades de interpretación vocal en grupo | SIEP<br>CSYC<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| evolución de estilos e intérpretes dende a década de 1950 | **Contextos musicais** | A cultura na música popular urbana | Coñecer a relación entre cultura e música popular urbana | Coñece a relación entre cultura e música popular urbana | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación na rede sobre un estilo de MPU | Investigar na rede sobre un estilo de MPU | Investiga na rede sobre un estilo de MPU | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 3: MÚSICAS DO MUNDO**

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as principais culturas musicais<br>- Estudar as características das culturas musicais propostas<br>- Escoitar con respeto música de diversas procedencias | **Escoita** | Audicións comentadas das diversas culturas musicais. | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Coreografía de danzas do mundo | Participar na creación de coreografías grupais | Participa na creación de coreografías grupais | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | A cultura na música tradicional ou étnica | Coñecer a relación entre cultura e música tradicional ou étnica | Coñece a relación entre cultura e música tradicional ou étnica | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Búsqueda de información sobre a música tradicional | Realizar unha búsqueda de información sobre a música tradicional | Realiza unha búsqueda de información sobre a música tradicional | CD<br>CMCT |

## 4º ESO: SEGUNDO TRIMESTRE

### UNIDADE 4: MÚSICA E CINE

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer a historia da música no cine<br>- Estudar as funcións da música no cine<br>- Comprender a través da prática a relación música/emoción | **Escoita** | Audicións comentadas de bandas sonoras. | Escoitar con atención e realizar un comentario das bandas sonoras propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das bandas sonoras propostas | CAA<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Modificación dunha escena modificando a música | Modificar unha escena modificando a música | Modifica unha escena modificando a música | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Evolución da música no cine a través das BSO | Analizar a evolución da música no cine a través das BSO | Analiza a evolución da música no cine a través das BSO | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Movimaker e audacity | Empregar software musical para realizar unha sonorización | Emprega software musical para realizar unha sonorización | CD<br>CMCT |

### UNIDADE 5: MÚSICA E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer o papel da música na radio e na televisión<br>- Investigar a relación entre palabra, imaxe e | **Escoita** | Papel emocional da música nos medios | Analizar o papel emocional da música nos medios | Analiza o papel emocional da música nos medios | CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Programa de radio empregando o audacity | Crear un programa de radio empregando o audacity | Crea un programa de radio empregando o audacity | SIEP<br>CSYC<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| música nos medios | **Contextos musicais** | Evolución da música nos medios de comunicación de masas | Analizar a evolución da música nos medios de comunicación de masas | Analiza a evolución da música nos medios de comunicación de masas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Audacity para gravar, mesturar e crear o programa de radio | Utilizar Audacity para gravar, mesturar e crear o programa de radio | Utiliza Audacity para gravar, mesturar e crear o programa de radio | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 6: MÚSICA E PUBLICIDADE**

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñece o papel da música na publicidade<br>- Investigar o función emocional da música na publicidade | **Escoita** | Papel emocional da música na publicidade | Analizar o papel emocional da música na publicidade | Analiza o papel emocional da música na publicidade | CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Gravación dun spot publicitario | Crear e gravar un spot publicitario no que a música teña un papel importante | Crea e grava un spot publicitario no que a música teña un papel importante | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Evolución da música na publicidade | Analizar a evolución da música na publicidade | Analiza a evolución da música na publicidade | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Cámara de video, moviemaker e audacity | Utilizar cámara de video, moviemaker e audacity para gravar un spot | Utiliza cámara de video, moviemaker e audacity para gravar un spot | CD<br>CMCT |

## 4º ESO: TERCEIRO TRIMESTRE

### UNIDADE 7: ÓPERA

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Estudar a evolución do xénero operístico<br>- Analizar a relación de ópera e cultura<br>- Estudar a forma ópera | **Escoita** | Audicións comentadas das óperas propostas | Escoitar con atención e realizar un comentario das óperas propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das óperas propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Adaptación a época actual do argumento dunha ópera | Adaptar a época actual do argumento dunha ópera | Adapta a época actual do argumento dunha ópera | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Análise social dunha época a través das óperas | Realizar unha análise social dunha época a través das óperas | Realiza unha análise social dunha época a través das óperas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación na rede | Realizar unha investigación sobre ópera e contexto social | Realizar unha investigación sobre ópera e contexto social | CD<br>CMCT |

### UNIDADE 8: BALLET

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Estudar a evolución do ballet<br>- Analizar ballets famosos<br>- Coñecer o vocabulario do ballet | **Escoita** | Audicións comentadas de ballets famosos. | Escoitar con atención e realizar un comentario dos ballets propostos | Escoita con atención e realiza un comentario dos ballets propostos | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Resumo do argumento dalgún dos ballets propostos | Realizar un resumo do argumento dalgún dos ballets propostos | Realiza un resumo do argumento dalgún dos ballets propostos | SIEP<br>CSYC<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Contextos musicais** | Evolución do ballet | Coñecer a evolución do ballet | Coñece a evolución do ballet | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación sobre a linguaxe do ballet | Realizar unha investigación sobre a linguaxe do ballet | Realiza unha investigación sobre a linguaxe do ballet | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 9: MUSICAL**

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características do musical<br>- Analizar musicais famosos<br>- Coñecer as profesións relacionadas coas artes escénicas | **Escoita** | Audicións comentadas de musicais famosos. | Escoitar con atención e realizar un comentario de musicais propostos | Escoita con atención e realiza un comentario de musicais propostos | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Resumo do argumento dalgún dos musicais propostos | Realizar un resumo do argumento dalgún dos musicais propostos | Realiza un resumo do argumento dalgún dos musicais propostos | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Evolución do musical | Coñecer a evolución do musical | Coñece a evolución do musical | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación sobre as profesións musicais nas artes escénicas | Investigar sobre as profesións musicais nas artes escénicas | Investiga sobre as profesións musicais nas artes escénicas | CD<br>CMCT |

# CULTURA AUDIOVISUAL I

## 1º BACHARELATO: PRIMEIRO TRIMESTRE

### UNIDADE 1: MEDIOS AUDIOVISUAIS

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| Coñecer o que implica o concepto de medios audiovisuais. | **Análise** | - Características principais<br>- O mundo audiovisual como representación do mundo real. | - Coñecer as características dos medios audiovisuais.<br>- Comprender a dualidade mundo audiovisual, mundo real. | - Coñece as características dos medios auidovisuais.<br>- Comprende o mundo audiovisual como representación do real. | CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación** | Elaboración de pequenas mensaxes audiovisuais | Elaborar unha pequena mensaxe audiovisual | Elabora unha creación audiovisual | SIEP<br>CAA |
| | **Perspectiva histórica** | Evolución dos medios e das linguaxes audioviosuais | Coñecer a evolución dos medios e linguaxes audiovisuais | Coñece a evolución dos medios e linguaxes audiovisuais | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | MovieMaker | Traballar empregando esta ferramenta de edición audiovisual | Traballa empregando esta ferramenta de edición audiovisual | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 2: O PROCESO DE PERCEPCIÓN VISUAL. A IMAXE**

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| -Comprender o proceso de percepción visual da luz.<br>-Funcións estéticas, sociais e artísticas da expresión visual. | **Análise** | Características propias da imaxe representada: funcións e formas | Coñecer as características propias da imaxe representada: funcións e formas | Coñece as características propias da imaxe representada: funcións e formas | CAA<br>CMCT<br>CEC |
| | **Creación** | Elaboración de mensaxes visuais | Elaborar mensaxes audiovisuais | Elabora mensaxes audiovisuais | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Perspectiva histórica** | Evolución da construción de imaxes fixas | Coñecer a evolución da construción de imaxes fixas | Coñece a evolución da construción de imaxes fixas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Gimp | Manexar o editor de imaxes Gimp | Manexo do editor de imaxes Gimp | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 3: O PROCESO DE PERCEPCIÓN AUDITIVA. O SON**

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| Co -Comprender o proceso de percepción auditiva do son.<br>-Funcións estéticas, sociais e artísticas da expresión sonora. | **Análise** | Análise das características do son: forma e bases construtivas. | Analizar as características propias do son: forma e bases construtivas. | Analiza as características propias do son: forma e bases construtivas. | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación** | Elaboración de mensaxes sonoros | Elaborar mensaxes sonoros | Elabora mensaxes sonoros | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Perspectiva histórica** | Evolución da creación sonora | Coñecer a evolución da creación sonora | Coñece a evolución da creación sonoras | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Audacity | Manexar o editor de audio Audacity | Manexa o editor de audio Audacity | CD<br>CMCT |

## 1º BACHARELATO: SEGUNDO TRIMESTRE

### UNIDADE 4: COMPOSICIÓN DE IMAXES

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| -Entender o proceso de composición de imaxes nas súas diversas técnicas. -Analizar a elaboración de produtos comunicativos visuais. | **Análise** | O proceso de composición de imaxes. | Analizar o proceso de composición de imaxes. | Analiza o proceso de composición de imaxes. | CAA<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación** | Elaboración de produtos comunicativos audiovisuais | Elaborar produtos comunicativos audiovisuais | Elabora produtos comunicativos audiovisuais | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Perspectiva histórica** | Análise histórica de composicións visuais | Analizar os cambios ao longo da historia das composcións visuais | Analiza os cambios ao longo da historia das composcións visuais | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Gimp | Manexar o editor de imaxes Gimp | Manexo do editor de imaxes Gimp | CD<br>CMCT |

UNIDADE 5: CAPTACIÓN E COMPOSICIÓN DE SONS

| | Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|---|
| i) - | -Entender o proceso de captación do son.<br>- Coñecer os tipos esenciais de microfonía, gravación e difusión musical.<br>- Analizar as diferencias entre son analóxico e dixital | **Análise** E | Tipos esenciais de microfonía: mono, estero, dolby, surround. Mp3 e outros posibles. | Coñecer os tipos esencias de microfonía | Coñece os tipos esencias de microfonía | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | | **Creación** | Captación e gravación de son empregando distintos micros. | Entender o proceso de captación do son | Entende o proceso de captación do son | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | | **Perspectiva histórica** | Son analóxico e dixital | Analizar os cambios entre son analóxico e dixital | Analiza os cambios entre son analóxico e dixital | CEC<br>CAA |
| | | **Tecnoloxía** | -Gravadoras de son (analóxicas e dixitais)<br><br>- Formatos dixitais de son | - Ser capaz de manexar gravadoras de son analóxico e/ou dixital<br><br>- Empregar o formato de audio requerido. | - É capaz de manexar gravadoras de son analóxico e/ou dixital.<br><br>- Emprega o formato de audio requerido. | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 6: AUDIO E MÚSICA NAS PRODUCIÓNS AUDIOVISUAIS**

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| Comprender a relación perceptiva entre imaxe e son: diálogos, voz en off, efectos especiais e música. | **Análise** | Elementos sonoros nas creacións audiovisuais. | Analizar os elementos sonoros nas creacións audiovisuais. | Analiza os elementos sonoros nas creacións audiovisuais. | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación** | Sonorización dunha pequena creación audiovisual | Sonorizar unha pequena creación audiovisual | Sonoriza unha pequena creación audiovisual | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Perspectiva histórica** | Do cine mudo ao cine sonoro | Coñecer a evolución dende o cine mudo ao cine sonoro | Coñece a evolución dende o cine mudo ao cine sonoro | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Audacity | Manexar o editor de audio Audacity | Manexa o editor de audio Audacity | CD<br>CMCT |

## 1º BACHARELATO: TERCEIRO TRIMESTRE

### UNIDADE 7: FUNCIÓN EXPRESIVA DO SON EN RELACIÓN COA IMAXE

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| Comprender a adecuación da música e dos sons ás intencións expresivas e comunicativas. Integración do son nas producións audiovisuais. | **Análise** | Banda sonora: funcións da música, relación expresiva música-imaxe e grandes creadores. | Coñecer os elementos expresivosC do son en relación coa imaxe, as funcións da banda sonora e os grandes creadores. | Coñece os elementos expresivos do son en relación coa imaxe, as funcións da banda sonora e os grandes creadores. | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación** | Cambiar o senso dunha escena, cambiando a música | Comprobar practicamente como a música pode variar o significado dunha imaxe | Comproba practicamente como a música pode variar o significado dunha imaxe | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Perspectiva histórica** | A música nas producións audiovisuais | Coñecer a evolución no emprego da música nas creacións audiovisuais | Coñece a evolución no emprego da música nas creacións audiovisuais | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Visionado de exemplos nos que a música desempeña diversas funcións en relación coa imaxe | Visionar analiticamente exemplos nos que a música desempeña diversas funcións en relación coa imaxe | Visiona analiticamente exemplos nos que a música desempeña diversas funcións en relación coa imaxe | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 8: NARRACIÓN AUDIOVISUAL**

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| Comprender os sistemas de relacións espazo-temporais na narración audiovisual. | **Análise** | Flashforward e flashback.<br>Literatura e guión cinematográfico.<br>Secuenciación e guión técnico. | Coñecer as bases organizativas e artísticas dunha creación audiovisual | Coñece as bases organizativas e artísticas dunha creación audiovisual | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación** | Elaboración en grupo da sinopse, escaleta e storyboard para unha creación audiovisual. | Participar na elaboración en grupo da sinopse, escaleta e storyboard para unha creación audiovisual. | Participar na elaboración en grupo da sinopse, escaleta e storyboard para unha creación audiovisual. | SIEP<br>CSYC<br>CMCT |
| | **Perspectiva histórica** | O guión audiovisual ao longo da historia | Coñecer a evolución do guión audiovisual ao longo da historia | Coñecer a evolución do guión audiovisual ao longo da historia | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Libreoffice writer<br>Libre office calc | Manexar con soltura programas ofimáticos. | Manexa con soltura programas ofimáticos. | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 9: CREACIÓN AUDIOVISUAL**

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| Ser capaz de crear unha produción audiovisual breve empregando todo o aprendido | **Análise** | Creacións audiovisuais: preprodución, produción e posprodución | Coñecer as fases de elaboración dunha creación audiovisual | Coñece as fases de elaboración dunha creación audiovisual | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación** | Elaboración en grupo dunha produción audiovisual | Participar activamente na elaboración en grupo dunha produción audiovisual | Participa activamente na elaboración en grupo dunha produción audiovisual | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Perspectiva histórica** | Cambios na produción audiovisual | Analizar a evolución na produción audiovisual | Analiza a evolución na produción audovisual | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | PiTiVi | Saber manexar o programa PiTiVi de edición de video | Sabe manexar o programa PiTiVi de edición de video | CD<br>CMCT |

# CULTURA AUDIOVISUAL II

## 2º BACHARELATO: PRIMEIRO TRIMESTRE

### UNIDADE 1: SON

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| i) - Coñecer as características técnicas e expresivas do son nas producións audiovisuais | **Análise** | - Funcións expresiva do son.<br>- Gravación do son: tipos esenciais de microfonía.<br>- Difusión musical: sistemas monofónicos, estereofónicos, dolby surround, 5.1, mp3 e outros posibles.<br>- A relación perceptiva entre imaxe e son: diálogos, voz en off, efectos especiais e música.<br>- Adecuación da música e dos sons ás intencións expresivas e comunicativas. Integración do son nas producións audiovisuais.<br>- A banda sonora na historia do cine. Grandes creadores.<br>- A banda sonora no cine español. Principais compositores: Augusto Algueró, Roque Baños, Bernardo Bonezzi, Carmelo Bernaola, Antón García Abril, Alberto Iglesias, José Nieto, Al- | - Analizar as características técnicas do son, como a lonxitude e a frecuencia de onda, e o timbre.<br>- Diferenciar as características técnicas principais de gravación e difusión de sons: monofónicos, estereofónicos, dolby surround, 5.1, mp3, etc.<br>- Explicar a relación entre a imaxe e o son.<br>- Analizar o resultado perceptivo obtido ao modificar os elementos sonoros nunha produción audiovisual.<br>- Analizar a calidade da composición musical nas bandas sonoras para o cine e a súa importancia no conxunto total da película.<br>- Explicar a evolución do cine español a través das bandas sonoras de películas emblemáticas e compositores salientables. | - Explica as características físicas do son, e o proceso de creación e difusión.<br>- Realiza gravacións de son con aparellos sinxelos e valora os resultados obtidos.<br>- Realiza edición dixital, convertendo pezas musicais dun sistema de son a outro (mono-estéreo, PCM wav, aiff-mp3) e avalía os resultados (tamaño, calidade, destino final, etc.).<br>-Analiza o valor funcional, expresivo e comunicativo dos recursos sonoros (voz, efectos e música) empregados nunha produción radiofónica ou na banda sonora dunha produción audiovisual.<br>- Relaciona a banda sonora de películas emblemáticas e a súa importancia na calidade do conxunto total da obra fílmica realizada.<br>- Analiza a composición musical de bandas sonoras en España, e valora a calida- | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | fonso Santisteban, Adolfo Waitzman, etc. | | de da construción musical realizada. | |
| | **Creación** | - Gravación de sons: exterior e estudo<br>- Edición de audio | Coñecer os procedementos básicos de gravación e edición de son | Coñecer os procedementos básicos de gravación e edición de son | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | - Gravadora do móvil. Audacity | Saber manexar as ferramentas dixitais de gravación e edición de audio | Saber manexar as ferramentas dixitais de gravación e edición de audio | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 2: HISTORIA DO CINE**

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| i) - Coñecer a evolución e características da Historia do cine | **Análise** | - Analizar a técnica narrativa do cine mudo e as súas características técnicas.<br>- O *Slapstick* na obra de Max Sennet, Max Linder e Charlie Chaplin.<br>- A comedia visual, comedia dialogada (Woody Allen) e comedia coral (Berlanga)<br>- Historia do cine. Grandes directores e xéneros | - Coñecer as técnicas do cine mudo.<br>- Comprender as diferencias entre gags visuais e sonoros.<br>- Expor a complexidade das comedias corais e dialogadas<br>- Coñecer a evolución da creación cinematográfica | - Coñecer as técnicas do cine mudo.<br>- Comprender as diferencias entre gags visuais e sonoros.<br>- Expor a complexidade das comedias corais e dialogadas.<br>- Coñecer a evolución da creación cinematográfica | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación** | Análise de obras de referencia. | Elaboración de plantillas de análise | Ser quen de elaborar unha plantilla completa de análise. | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Procesador de texto | Saber manexar as ferramentas do procesador de textos de libreoffice | Saber manexar as ferramentas do procesador de textos de libreoffice | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 3: INDUSTRIA CINEMATOGRÁFICA**

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| i) - - Coñecer o funcionamento da industria cinematográfica e as súas profesións<br>- Comprender as fases da creación audiovisual: producción audiovisual, creación, edición y posproducción. | **Análise** | - Coñecer a industria cinematográfica, videográfica e televisiva segundo a evolución histórica das actividades de produción audiovisual así como o organigrama e as funcións profesionais na produción de produtos audiovisuais.<br>- Analizar os procesos técnicos que se realizan nas fases de creación de pezas audiovisuais. | - Recoñecer as funcións dos equipos técnicos humanos que interveñen nas producións audiovisuais e nos multimedia.<br>- Coñecer os procesos técnicos de creación audiovisual | - Recoñecer as funcións dos equipos técnicos humanos que interveñen nas producións audiovisuais e nos multimedia.<br>- Coñecer os procesos técnicos de creación audiovisual | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación** | Simulación de creación audiovisual | Ser quen de amosar o aprendido na realización teorética dunha produción audiovisual | Ser quen de amosar o aprendido na realización teorética dunha produción audiovisual | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Móbil, audacity y moviemaker | Ser capaz de manexar con soltura os aspectos técnicos da creación dixital | Ser capaz de manexar con soltura os aspectos técnicos da creación dixital | CD<br>CMCT |

## UNIDADE 4: MEDIOS DE COMUNICACIÓN

| | Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|---|
| i) - | | **Análise** | - Linguaxe da televisión. Características técnicas e expresivas. Xéneros e formatos de programas de televisión. A televisión do futuro. Televisión interactiva. Fitos da televisión na linguaxe audiovisual.<br>- A televisión en España. Tipoloxías de programas para televisión e a súa realización: informativos, entretemento, drama, comedia, terror, musicais, concursos, etc. Grandes realizadores/as.<br>- Radio: características técnicas e expresivas. Xéneros e formatos de programas de radio (informativo, revista, retransmisión deportiva, etc.): características.<br>- Estudo de audiencias e programación. Características da obtención dos datos de audiencia. Sistemas de elaboración estatística de resultados e transcendencia na produción audiovisual.<br>- A radio e a televisión como servizo público. Liberdade de acceso. Internet e a socialización da información. Liberdade de expresión | - Coñecer o medio televisivo.<br>- Analizar a importancia creativa, técnica e histórica dos/das principais realizadores/as da televisión en España.<br>-Explicar as características principais da retransmisión radiofónica e coñecer as diferenzas de formulación narrativa dos xéneros radiofónicos, e establecer as súas características principais.<br>- Analizar e valorar a importancia económica dos índices de audiencia nos ingresos publicitarios das empresas de comunicación. | - Coñecer o medio televisivo.<br>- Analizar a importancia creativa, técnica e histórica dos/das principais realizadores/as da televisión en España.<br>-Explicar as características principais da retransmisión radiofónica e coñecer as diferenzas de formulación narrativa dos xéneros radiofónicos, e establecer as súas características principais.<br>- Analizar e valorar a importancia económica dos índices de audiencia nos ingresos publicitarios das empresas de comunicación. | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | e dereitos individuais do/da espectador/a. | | | |
| | **Creación** | Plantilla de análise<br>Creación de pezas breves de radio e TV na aula | Participar activamente na creación de medios de comunicación na aula. | Participar activamente na creación de medios de comunicación na aula. | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Procesador de texto. Teletipos.<br>Audacity. Grabadora | Ser capaz de empregar correctamente as ferramentas dixitais | Ser capaz de empregar correctamente as ferramentas dixitais | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 5: PUBLICIDADE**

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| i) - | **Análise** | - Análise da imaxe publicitaria. Información, propaganda e sedución. Funcións comunicativas e estéticas.<br>- Novas formas de publicidade: localización, e publicidade encuberta e subliminal<br>- Estereotipos de xénero, idade, cultura...<br>- - Publicidade de dimensión social. | - Valorar a dimensión social e de creación de necesidades das mensaxes publicitarias, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria.<br>- Analizar os sistemas de inserción de publicidade nos programas de radio e televisión.<br>- Ser quen de valorar os estereotipos presentes na publicidade. | - Valorar a dimensión social e de creación de necesidades das mensaxes publicitarias, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria.<br>- Analizar os sistemas de inserción de publicidade nos programas de radio e televisión.<br>- Ser quen de valorar os estereotipos presentes na publicidade. | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación** | Análise de produtos publicitarios dende un punto de vista técnico, estético e da mensaxe | Ser quen de analizar técnica, estética e semióticamente producións publicitarias | Ser quen de analizar técnica, estética e semióticamente producións publicitarias | SIEP<br>CSYC<br>CAA |

**UNIDADE 6: IMAXES E MULTIMEDIA**

| | Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|---|
| i) - | | **Análise** | - Lectura denotativa e connotativa de imaxes. Análise de imaxes fixas e en movemento. Análise de produtos multimedia.<br>- Valores formais, estéticos, expresivos e de significado das imaxes. | -Desenvolver actitudes selectivas, críticas e creativas fronte ás mensaxes que recibimos a través das canles de difusión, aplicando solucións expresivas para elaborar pequenas producións audiovisuais.<br>- Seleccionar e discernir recursos audiovisuais adaptados a unha necesidade concreta. | -Desenvolver actitudes selectivas, críticas e creativas fronte ás mensaxes que recibimos a través das canles de difusión, aplicando solucións expresivas para elaborar pequenas producións audiovisuais.<br>- Seleccionar e discernir recursos audiovisuais adaptados a unha necesidade concreta. | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | | **Creación** | Creación de mensaxes multimedia con diversos fins | Ser quen de crear mensaxes multimedia adaptados a un fin | Ser quen de crear mensaxes multimedia adaptados a un fin | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | | **Tecnoloxía** | Móbil e moviemaker | Empregar correctamente os elementos técnicos precisos para a creación de producións audiovisuais | Empregar correctamente os elementos técnicos precisos para a creación de producións audiovisuais | CD<br>CMCT |

# HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

## 2º BACHARELATO: PRIMEIRO TRIMESTRE

### UNIDADE 1: ESCRITURA MUSICAL

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as orixes da escrita musical<br>- Analizar a evolución dende a escritura alfabética até a actual | **Escoita** | - Audición comentada | Ser capaz de realizar pequenos comentarios sobre as audicións propostas | É capaz de realizar pequenos comentarios sobre as audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | - Deseña un sistema de notación para as novas sonoridades electrónicas | Deseñar un sistema de notación musical | Deseña un sistema de notación musical | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | -Alfabética, neumática<br>- Grandes figuras na evolución da escrita musical | Coñecer os avances en notación musical | Coñece os avances en notación musical | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Power point sobre grafía musical | Construír un power point sobre grafía musical | Constrúe un bo esquema sobre grafía musical | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 2: IDADE MEDIA**

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características do Canto Gregoriano.<br>- Coñecer as características da Lírica Medieval<br>- Estudar as orixes da polifonía | **Escoita** | Audicións comentadas da Idade Media: Puer Natus est nobis, Cantiga nº 100 | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Música e palabra: creación dun rap | Crear un rap sobre un tema de interés | Crea un rap cun texto sobre un tema de interés | SIEP<br>CCL<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Características da época medieval | Coñecer as características da época medieval | Coñece as características da época medieval | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Audacity para crear unha base para o rap | Crear unha base musical para o rap | Crea unha base musical para o rap | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 3: RENACEMENTO**

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características da música relixiosa no Renacemento<br>- Coñecer as características de música profana no Renacemento<br>- Investigar sobre os instrumentos renecentistas | **Escoita** | Audicións comentadas do Renacemento: Hoy comamos e bebamos, danza tersicore | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Danzas renacentistas | Participar na creación de coreografías grupais | Participa na creación de coreografías grupais | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Características de época renacentistas | Coñecer as características de época renacentistas | Coñece as características de época renacentistas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación na rede sobre os instrumentos no Renacemento | Investigar na rede sobre os instrumentos no Renacemento | Investiga na rede sobre os instrumentos no Renacemento | CD<br>CMCT |

## 2º BACHARELATO: SEGUNDO TRIMESTRE

### UNIDADE 4: BARROCO

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características da música barroca<br>- Coñecer aos principais compositores da época<br>- Investigar as relacións entre estilos musicais | **Escoita** | Audicións comentadas do Barroco: Vivaldi, Bach e Haendel | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Interpretación de pezas do Barroco | Interpretar de pezas do Barroco en grupo | Interpreta de pezas do Barroco participando activamente | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Características de época renacentistas | Coñecer as características de época renacentistas | Coñece as características de época renacentistas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación sobre a relación entre Barroco e Rock | Investigar na web a relación entre Barroco e Rock | Investiga na web a relación entre Barroco e Rock | CD<br>CMCT |

### UNIDADE 5: CLASICISMO

| Obxectivos didácticos | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características do clasicismo<br>- Estudar as principais formas musicais<br>- Investigar sobre | **Escoita** | Audicións comentadas do Clasicismo: Mozart, Haydn e Beethoven | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Práctica vocal e instrumental sobre música da época | Participar activamente nas actividades de práctica vocal e instrumental sobre música da época | Participar activamente nas actividades de práctica vocal e instrumental sobre música da época | SIEP<br>CSYC<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| compositores e compositoras da época | **Contextos musicais** | Características de época clásica | Coñecer as características de época clásica | Coñece as características de época clásica | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Video resumo dunha ópera de Mozart con Moviemarker | Realizar un video resumo dunha ópera de Mozart con Moviemarker | Realiza un video resumo dunha ópera de Mozart con Moviemarker | CD |

**UNIDADE 6: ROMANTICISMO**

| Obxectivos didácticos | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Coñecer as características do período romántico<br>- Coñecer os compositores máis famosos<br>- Coñecer as principais formas | **Escoita** | Audicións comentadas da época: romanticismo, nacionalismo... | Escoitar con atención e realizar un comentario das audicións propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das audicións propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Práctica vocal e instrumental sobre música da época | Participar activamente nas actividades de práctica vocal e instrumental sobre música da época | Participar activamente nas actividades de práctica vocal e instrumental sobre música da época | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Características de época romántica | Coñecer as características de época romántica | Coñece as características de época romántica | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Evolución do Nacionalismo musical. Googlemaps | Realizar unha investigación sobre a evolución do Nacionalismo musical. Googlemaps | Realiza unha investigación sobre a evolución do Nacionalismo musical. Googlemaps | CD<br>CMCT |

# 2º BACHARELATO: TERCEIRO TRIMESTRE

## UNIDADE 7: ÓPERA

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Estudar a evolución do xénero operístico<br>- Analizar a relación de ópera e cultura<br>- Estudar a forma ópera | **Escoita** | Audicións comentadas das óperas propostas | Escoitar con atención e realizar un comentario das óperas propostas | Escoita con atención e realiza un comentario das óperas propostas | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Adaptación a época actual do argumento dunha ópera | Adaptar a época actual do argumento dunha ópera | Adapta a época actual do argumento dunha ópera | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Análise social dunha época a través das óperas | Realizar unha análise social dunha época a través das óperas | Realiza unha análise social dunha época a través das óperas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxia** | Investigación na rede | Realizar unha investigación sobre ópera e contexto social | Realizar unha investigación sobre ópera e contexto social | CD<br>CMCT |

## UNIDADE 8: BALLET

| Obxectivos didácticos | Bloques | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|---|
| - Estudar a evolución do ballet<br>- Analizar ballets famosos<br>- Coñecer o vocabulario do ballet | **Escoita** | Audicións comentadas de ballets famosos. | Escoitar con atención e realizar un comentario ds ballets propostos | Escoita con atención e realiza un comentario dos ballets propostos | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Resumo do argumento dalgún dos ballets propostos | Realizar un resumo do argumento dalgún dos ballets propostos | Realiza un resumo do argumento dalgún dos ballets propostos | SIEP<br>CSYC<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Contextos musicais** | Evolución do ballet | Coñecer a evolución do ballet | Coñece a evolución do ballet | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | Investigación sobre a linguaxe do ballet | Realizar unha investigación sobre a linguaxe do ballet | Realiza unha investigación sobre a linguaxe do ballet | CD<br>CMCT |

**UNIDADE 9: ESTRUCTURAS MUSICAIS**

| **Obxectivos didácticos** | **Bloques** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| - Comprender o concepto de estrutura musical<br>- Coñecer as estruturas musicais básicas | **Escoita** | - Estruturas binarias e ternarias<br>- Tema con variacións | - Discriminar auditivamente estruturas binarias e ternarias<br>- Discriminar en un Tema cos variacións seus elementos | - Discrimina estruturas binarias e ternarias<br>- Discrimina los elementos de un Tema con variacións | CAA<br>CMCT<br>CCL<br>CEC |
| | **Creación e interpretación** | Composición empregando a estrutura tema con variacións | Crear una composición empregando a estrutura tema con variacións | Crea una composición empregando a estrutura tema con variacións | SIEP<br>CSYC<br>CAA |
| | **Contextos musicais** | Orixe sociocultural das estruturas básicas | Coñecer a orixe sociocultural das estruturas básicas | Coñece a orixe sociocultural das estruturas básicas | CEC<br>CAA |
| | **Tecnoloxía** | MuseScore | Saber escribir unha composición cun editor de partituras | Sabe escribir unha composición cun editor de partituras | CD<br>CMCT |

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Analizando as orientacións xerais da etapa e as específicas para a área de Música extráense un conxunto de principios metodolóxicos marco que describimos a continuación:

a) **Promover o desenvolvemento de competencias básicas**
Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan en permanente transformación, o mellor legado que podemos darlles aos alumnos é o da transmisión dos mecanismos necesarios que lles permitan integrarse dun xeito eficaz na sociedade en que viven.

Os currículos actuais subliñan nos obxectivos xerais da etapa, nos obxectivos das áreas e nos criterios de avaliación, a importancia da adquisición de ferramentas de traballo (análise, esquemas, procura e selección de información significativa etc.) que vaian articulando estratexias de aprendizaxe autónoma.

As competencias van constituír un referente de capacidade nos alumnos para saber facer, para obrar; serán concretadas na área de música, que é a que nos ocupa e configurarán un dos eixes esenciais para guiar o proceso de ensinanza aprendizaxe e o proceso avaliador.

b) **Considerar o nivel de capacidade do alumno**
Este principio esixe considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos.

c) **Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos por medio do enfoque globalizador**
A materia é a forma básica de estruturación dos contidos en Educación Secundaria Obrigatoria. Esta forma de organización curricular facilita o seu tratamento rigoroso e contribúe ao desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Isto pode facerse

*tomando como referente o desenvolvemento das competencias básicas que comentamos*; tamén e máis concretamente, por medio dos contidos común–transversais que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento que se nos presenten.

d) **Contribuír ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación**

Diversas investigacións sobre a aprendizaxe subliñan o papel do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento do alumnado. Neste proceso, o labor do docente como mediador entre os contidos e a actividade do alumno é esencial.

Os obxectivos da etapa, os obxectivos das áreas e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Será necesario deseñar experiencias de ensinanza aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

A metodoloxía educativa baséase nos seguintes principios de intervención didáctica que teñen como finalidade que os alumnos sexan quen de aprender de forma autónoma:

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, para construír outras aprendizaxes que o favorezan e melloren.
- Destácase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas no traballo da área que nos ocupa.
- Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan.
- Facilítanse as oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos para que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu.

Do conxunto de Obxectivos, Contidos e Criterios de Avaliación que se establecen no Decreto do Currículo para o Área, despréndese unha visión ampla da Música de carácter eminentemente práctico e que propicie aprendizaxes significativas. O punto de partida han de ser os coñecementos previos do alumno, adquiridos non só en etapas anteriores, senón tamén no seu entorno familiar e social. Por elo é moi importante que o profesor

propicie situacións nas que poda observar a relación que os alumnos teñen coa Música e as diferentes aptitudes que manifestan.

A pesar da escasa presenza social que ten a práctica musical, o alumno ten a necesidade de producir música, de vivir activamente a Música. Por elo, faise necesario conectar co coñecemento intuitivo musical do alumnado para coñecer o estado real. Todo proceso de conceptualización debe promoverse partindo da relación inmediata coa Música, para asegurar a consecución de aprendizaxes significativas. Consecuentemente o proceso de ensino/aprendizaxe debe realizarse dende a Música que os alumnos son capaces de facer.

Como nas outras áreas, os procesos de desenvolvemento e aprendizaxe son diferentes para cada alumno o que obriga ao profesor a elaborar actividades que atendan o grupo na súa totalidade e recollan as necesidades individuais. Neste senso, o profesor debe axustar a axuda pedagóxica as diferentes necesidades dos alumnos e facilitar recursos e estratexias variadas que permitan dar resposta as diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan os alumnos desas idades.

O profesor xoga un papel decisivo na aprendizaxe dos seus alumnos. En Música é un modelo especialmente imitable, en primeiro lugar porque as actitudes que adopta, a súa sensibilidade e criterio estético exercen unha forte influencia sobre a conduta musical dos alumnos. A actitude do profesor e o clima que saiba crear na clase condicionarán tanto a eficacia do ensino canto a metodoloxía que poida utilizar.

Propoñemos coma liñas xerais de actuación: a aprendizaxe por imitación e unha metodoloxía activa onde o profesor debe xogar o papel de modelo a imitar e de regulador do proceso de ensino/ aprendizaxe

Os alumnos comezan a súa andadura nunha nova etapa educativa e nun novo centro, por elo teremos presente a variedade de condicións inicias que converxen nun grupo clase, sobre todo no Primeiro Ciclo, para promover un modelo de ensino comprensivo que se adecúe á variedade de alumnos que comparten aula na E.S.O.

Para salvar as diferenzas, no primeiro curso do primeiro ciclo tentaremos partir dalgunhas imaxes de carácter lúdico, que para algúns constituirán unha forma nova de aproximarse ós coñecementos que xa posúen, engadindo novas perspectivas para enriquecer as súas ideas previas, para outros será un primeiro achegamento a determinados conceptos.

e) **Emprego de dispositivos móbiles e das TIC´s**

Nas materias de Música e Cultura Audiovisual empregaremos frecuentemente o móbil e outros dispositivos electrónicos para gravar e editar audio e video como parte dos contidos prácticos. Ademais do traballo de contidos propios da materia, con esta práctica tamén queremos contribuír a dous obxectivos básicos:

> 1º Fomentar o coñecemento das TIC´s como ferramentas educativas e comunicativas de primeira orde.
> 2º Educar nun uso responsable dos dispositivos móbiles.

Para non interferir coas normas do centro, queda reflectido na programación e ademais se avisará con anticipación ao alumnado dos días que empregaremos ditas ferramentas e de que o seu uso debe limitarse á actividade descrita.

## 6. MATERIAS e RECURSOS DIDÁCTICOS

Na área de educación musical empregamos os seguintes materiais:

- Instrumental Orff.
- Apuntes elaborados para cada trimestre dos cursos 2º, 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato.
- Libros de texto de diferentes editoriais que se atopan en depósito na aula como material de apoio e complementario .
- Baquetas e instrumentos de pequena percusión.
- Frautas e outros instrumentos que cada un dos alumnos e alumnas teñan e desexen usar.
- Bibliografía de apoio da biblioteca do centro

- Pelotas, cubos e vasoiras para coreografías.
- Material audiovisual e discográfico.
- Ordenadores e software musical gratuíto: MUSESCORE, AUDACITY, MOVIEMAKER.
- Dispositivos móbiles.

## 7. AVALIACIÓN

A avaliación debe abranguer tanto a actividade de ensinanza coma a de aprendizaxe e debe ser un proceso continuo, sistemático, flexible e integrador. Este proceso ten como obxectivos:

- Coñecer a situación de partida dos compoñentes que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
- Facilitar a formulación dun modelo de actuación adecuado ao contexto, en función dos datos anteriores.
- Seguir a evolución do desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos.
- Tomar as decisións necesarias para adecuar o deseño e desenvolvemento da nosa acción educadora ás necesidades e logros detectados nos alumnos e nos seus procesos de aprendizaxe.

O proceso de avaliación debe ser comprensivo e para elo terá en conta:

- O progreso do alumno en todas as áreas do currículo.
- Os diferentes elementos do currículo.
- A adquisición das competencias básicas.
- A necesidade de establecer medidas de reforzo.

## A) CRITERIOS MÍNIMOS de AVALIACIÓN por NIVEIS

| 2º ESO. MÚSICA | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | 1º Coñecer os aspectos técnicos e musicais do elemento fundamental da música: o son.<br>2º Recoñecer os elementos básicos da linguaxe musical.<br>3º Ser capaz de escribir e ler partituras sinxelas.<br>4º Coñecer os elementos fundamentais do ritmo: pulso, movemento, acento, duración e figuras.<br>5º Discriminación auditiva do son dos distintos instrumentos, familias instrumentais e agrupacións. |
| 2º TRIMESTRE | 1º Ser capaz de interpretar combinacións rítmicas sinxelas.<br>2º Coñecer o mecanismo de construción de escalas maiores e intervalos.<br>3º Coñecer e aprender a construír os tipos de acompañamentos máis comúns na música occidental: acordes e ostinatos.<br>4º Música tradicional galega: instrumentos, ritmos, danzas e formas características. |
| 3º TRIMESTRE | 1º A estrutura musical: coñecemento de formas musicais básicas como rondó e tema con variacións.<br>2º Técnicas de emisión vocal: a respiración e a dicción.<br>3º Manexo de programas informáticos básicos: editor de partituras (MUSESCORE).<br>4º Ser capaz de analizar o papel da música nos medios de comunicación de masas: características e funcións.<br>5º Interpretación colectiva de coreografías sobre músicas tradicionais de diferentes países do mundo. |

| 3º ESO. MÚSICA | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | 1º Coñecer e comprender as propiedades acústica do son con especial atención á produción, propagación e percepción.<br>2º Analizar as funcións socias e artísticas do feito musical: breve percorrido polos xéneros e estilos máis característicos.<br>3º Apreciación e diferenciación das texturas básicas: monodia, contrapunto, polifonía, melodía acompañada e harmonía.<br>4º Manexar con corrección recursos compositivos básicos: repetición e variación.<br>5º Análise de partituras: compases, tonalidades e modos. |
| 2º TRIMESTRE | 1º Coñecer os elementos básicos para a análise técnico de partituras de diferentes épocas e estilos.<br>2º Analizar as principais características da música na Idade Media: Canto Gregoriano, Ars Antiqua e Ars Nova.<br>3º Analizar as principais características da Lírica medieval: As Cantigas de Santa María e o movemento trovadoril.<br>4º Analizar as principais características da música no Renacemento: música profana, polifonía.<br>5º Analizar as principais características da música no Barroco: música instrumental, baixo continuo, harmonía.<br>6º Analizar as principais características da música no Clasicismo: formas e instrumentos |
| 3º TRIMESTRE | 1º Ser capaz de seguir as audicións comentadas propostas na aula de obras de diferentes estilos e épocas: musicograma, ficha técnica e histórica.<br>2º Analizar as principais características da música no Romanticismo: o lied, o piano, os grandes orquestradores e a ópera.<br>3º Analizar as principais características da música no século XX: novas tendencias. Impresionismo, nacionalismo, expresionismo e música de vangarda.<br>4º Analizar as principais características da música popular moderna: blues, jazz, rock, pop e derivados.<br>5º Analizar as principais características da música electrónica: nacemento e evolución, música electrónica clásica e popular.<br>6º Analizar o papel da música nas novas tecnoloxías da comunicación e da información. Manexo de programas informáticos básicos: MuseScore, Audacity. |

| 4º ESO. MÚSICA | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | 1º Coñecer os elementos musicais básicos para unha análise técnicas e estilística de partituras de diferentes estilos.<br>2º Coñecer as características básicas da música vocal.<br>3º Analizar as características e as funcións da música no cine.<br>4º Analizar as principais características da música tradicional e popular dos distintos países e pobos.<br>5º Manexar con soltura un editor de partituras. |
| 2º TRIMESTRE | 1º Coñecer os elementos básicos da creación musical en base as leis harmónicas básicas.<br>2º Analizar as principais características da música instrumental occidental culta.<br>3º Analizar as características e as funcións da música na publicidade.<br>4º Analizar as principais características da música tradicional e popular de distintos países e pobos africanos.<br>5º Manexar con soltura un editor de audio: mestura, creación e gravación de sons. |
| 3º TRIMESTRE | 1º Coñecer os elementos básicos da creación musical a través do ordenador.<br>2º Analizar as características e funcións da música escénica.<br>3º Analizar as características e funcións da música nos videoxogos<br>4º Analizar as principais características da música tradicional e popular de distintos países e pobos americanos.<br>5º Elaboración dunha composición audiovisual empregando os recursos técnicos e coñecementos teóricos adquiridos ó longo do curso |

| 1º BACHARELATO. CULTURA AUDIOVISUAL I | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | 1º Comprender as características dos medios audiovisuais.<br>2º Coñecer os aspectos básicos da percepción visual.<br>3º Coñecer os aspectos básicos da percepción sonora.<br>4º Analizar as características dunha imaxe<br>5º Analizar as características dos sons. |
| 2º TRIMESTRE | 1º Saber empregar e sacar partido a unha cámara de foto/vídeo<br>2º Comprender o proceso de composición de imaxes.<br>3º Coñecer os distintos tipos de microfonía<br>4º Saber gravar con certa calidade sons habituais e musicais.<br>5º Comprender proceso de edición sonora. |
| 3º TRIMESTRE | 1º Analizar as funcións expresivas do son en relación á imaxe.<br>2º Coñecer os elementos sonoros que articular as mensaxes audiovisuais.<br>3º Comprender as bases estruturais da narración audiovisual<br>4º Coñecer as fases da creación audiovisual<br>5º Participar no proceso de creación audiovisual grupal. |

| 2º BACHARELATO. CULTURA AUDIOVISUAL II | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | 1º Coñecer as características técnicas do son así como a súa función expresiva.<br>2º Coñeceras técnicas de gravación, difusión e almacenamento de son.<br>3º Coñecer as relacións entre imaxe e son nas producións audiovisuais<br>4º Analizar a calidade da composición musical nas bandas sonoras para o cine e a súa importancia no conxunto total da película.<br>5º Explicar a evolución do cine español a través de bandas sonoras e compositores salientables. |
| 2º TRIMESTRE | 1º Analizar a técnica narrativa do cine mudo e as súas características técnicas.<br>2º Coñecer o funcionamento da industria cinematográfica, videográfica e televisiva.<br>3º Analizar as características técnicas e expresivas de diferentes medios de comunicación, así como as súas posibilidades informativas e comunicativas, e identificar os tipos de destinatarios das mensaxes<br>4º Coñecer o Proceso de produción, creación e posprodución audiovisual e multimedia. |
| 3º TRIMESTRE | 1º Coñecer o mundo da televisión: linguaxe, características técnicas e expresivas. Xéneros e formatos.<br>2º Coñecer o mundo da Radio: características técnicas e expresivas. Xéneros e formatos.<br>3º Analizar e valorar a importancia económica dos índices de audiencia nos ingresos publicitarios das empresas de comunicación.<br>4º Valorar a dimensión social e de creación de necesidades das mensaxes publicitarias, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria. |

| 2º BACHARELATO. HISTORIA DA MÚSICA e DA DANZA | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | 1º Coñecer as principais características da música e da danza das épocas Idade Media, Renacemento e Barroco.<br>2º Ser capaz de analizar unha obra musical, dos estilos estudados, empregando unha linguaxe axeitada.<br>3º Desenvolver as capacidades precisas para ser capaz de apreciar a Música a través da audición.<br>4º Discriminar auditivamente as diferentes voces humanas.<br>5º Ser capaz de elaborar comentarios sobre as audicións propostas ben redactados e xustificados. |
| 2º TRIMESTRE | 1º Coñecer as principais características da música e da danza das épocas Clásica, Romántica, Nacionalista e Posromántica.<br>2º Ser capaz de analizar unha obra musical, dos estilos estudados, empregando unha linguaxe axeitada.<br>3º Desenvolver as capacidades precisas para ser capaz de apreciar a Música a través da audición.<br>4º Discriminar auditivamente os diferentes instrumentos.<br>5º Ser capaz de elaborar comentarios sobre as audicións propostas ben redactados e xustificados cunha linguaxe técnica axeitada. |
| 3º TRIMESTRE | 1º Coñecer as principais características da música e da danza do século XX.<br>2º Ser capaz de analizar unha obra musical, dos estilos estudados, empregando unha linguaxe axeitada.<br>3º Desenvolver as capacidades precisas para ser capaz de apreciar a Música a través da audición.<br>4º Discriminar auditivamente as características musicais básicas: época, forma, instrumento e/ou voz.<br>5º Ser capaz de elaborar comentarios sobre as audicións propostas ben redactados e xustificados |

## B) PROCEDEMENTOS e INSTRUMENTOS de AVALIACIÓN

O proceso de avaliación variará para os diferentes cursos e grupos, pero sempre quedará determinada antes da primeira avaliación trimestral, despois de transcorridas as primeiras semanas de coñecemento do grupo, e será dada a coñecer debidamente ao mesmo. Usándose sempre técnicas de avaliación comprensiva e formativa e de autoavaliación. En xeral empregaremos técnicas diversas de avaliación que inclúen:

1. Exames de contido teórico para valorar a capacidade de explicar e expresar correctamente, **por escrito ou oralmente**, os contidos traballados. Valorando especialmente:

- A expresión concisa e clara dos aspectos fundamentais.
- A capacidade de síntese.
- A coherencia na narración.
- A argumentación lóxica en torno a unha resposta.

2. Traballo grupal: coreografías, práctica instrumental e vocal de conxunto, creación, construción de instrumentos, traballos de investigacións, etc. Valorando especialmente:

- Capacidade de traballo en grupo.
- Habilidades sociais na toma de decisións e no manexo de conflitos.
- Psicomotricidade fina: coordinación óculo-manual e asimetría de movementos.
- Expresión artística.
- Habilidades propias dun proceso de investigación: capacidade analítica, organización dos tempos, selección da información máis axeitada e capacidade de síntese.

3. Comprensión e seguimento da audicións a través do desenvolvemento de habilidades:

- Escoita selectiva.
- Comprensión do código de lectoescrita musical.
- Comprensión doutros códigos alternativos como musicogramas.

4. Creación de pezas propias. Escribilas usando a linguaxe musical convencional apoiado por outro tipo de grafía ou código alternativo. Valorando especialmente:

- A capacidade de comprender unha norma e aplicala creativamente.
- O desenvolvemento do sentido estético.

5. Improvisación guiada, usando parámetros musicais sinxelos. Valorando especialmente:

- A capacidade creativa.
- O respecto as producións dos compañeiros.
- O desenvolvemento da capacidade crítica.
- A capacidade de concentración.

Os alumnos e alumnas que non superen algunha das avaliacións, poderán recuperala na seguinte a través dun exame dos contidos específicos de cada unha das avaliacións. Para os contidos comúns que teñen un carácter progresivo será suficiente con que aproben a avaliación en curso. Cada alumno coñecerá a súa puntuación en cada un dos aspectos traballados e será igualmente informado do proceso de recuperación que debe seguir.

## C) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O proceso de avaliación debe ter un carácter procesual e de retroalimentación do proceso de ensino-aprendizaxe para favorecer un ensino significativo e, do mesmo xeito debe constituír un momento de reflexión sobre o proceso en si. É dicir, a avaliación non debe ter un senso terminal, non se trata de avaliar un resultado musical máis ou menos aceptable, senón o proceso de aprendizaxe que tivo lugar.

Por outra banda debemos de ter en conta que a música é unha disciplina que contén en si mesma a súa propia avaliación, pois todo suxeito inmerso nunha actividade musical ten moitos elementos de xuízo para realizar a súa propia autoavaliación e, do mesmo xeito, favorece a coavaliación colexiada entre compañeiros.

Podemos establecer coma criterios xerais de avaliación os seguintes:

* Recoñecer algúns dos planos sonoros simultáneos que están presentes mentres se actúa na interpretación dunha estrutura polifónica.

* Intervir en actividades de canto colectivo adaptando a súa expresión e entoación ao nivel sonoro do conxunto.

* Respecta-lo marco de actuación en esquemas rítmico-melódicos (entre 8 e 16 pulsos de duración e no ámbito da escala natural) en situacións de improvisación.

* Coordinar o movemento en grupo atendendo ás relacións espazo-temporais en resposta a estímulos rítmicos binarios e ternarios.

* Utilizar as situacións de silencio profundo coma marco para a improvisación cos parámetros sonoros (altura, intensidade, duración e timbre).

* Ler música no contexto das actividades musicais.

* Analizala música identificando nela algunha das actitudes necesarias para a súa produción: o marco de silencio, atención o director e os compañeiros, escoita a un mesmo e os demais, actuación no momento preciso, etc.

* Utilizar a terminoloxía musical adecuada para comunicar os demais xuízos persoais adecuados daquelas pezas que gozan dunha especial significación.

* Participar nas actividades de interpretación en grupo asumindo o intercambio de roles que se deriven das necesidades musicais.

* Acompañar cancións sinxelas utilizando de modo axeitado os grados de tónica, dominante e subdominante.

* Percibir e identificar o silencio entendido coma elemento estruturador do son, incorporándoo a análise das producións musicais, tanto as que se fan coma as que se escoitan.

* Identificar no ámbito cotián situacións nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizando as súas causas e propoñendo solucións posibles.

* Recoñecer e situar no seu contexto manifestacións musicais propias dos diferentes pobos e culturas.

* Establecer algunhas pautas para a improvisación que permitan expresar musicalmente ideas extraídas da análise de outras áreas artísticas.

Dado que a importancia outorgada ós contidos teóricos e ós prácticos é similar, establecemos como criterios de cualificación para os tres cursos da ESO, os seguintes:

- Contidos de carácter teórico suporán un 50% da nota total.
- Contidos de carácter práctico sumarán o 50% restante.

Nos porcentaxes indicados se inclúe un 5% (en cada un dos apartados) e até un total do 10% da nota de valoración do comportamento, que só se aplicará á baixa naqueles caso que o alumnado non permita un desenvolvemento satisfactorio das clase con condutas como:

- Imposibilita que os seus compañeiros podan atender as explicacións
- Interfire co desenvolvemento das actividades prácticas.
- Non respecta, destrúe o dana o material da aula.
- Non respecta aos seus compañeiros.

É imprescindible acadar unha puntuación mínima de dous puntos sobre cinco para poder facer media entre os dous bloques de contidos.

## 8. AVALIACIÓN do PROCESO de ENSINO e APRENDIZAXE e da PRÁCTICA DOCENTE

### a) Indicadores de logro do proceso de ensino-aprendizaxe

| Indicadores | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| a) O nivel de dificultade foi axeitado ás características do alumnado | | | | |
| b) Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe | | | | |
| c) Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado | | | | |
| d) Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado | | | | |
| e) Contouse co apoio e a participación das familias no traballo do alumando | | | | |
| f) Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado | | | | |
| g) Adaptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE | | | | |
| h)Adaptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE | | | | |
| i) Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado | | | | |
| j) Empregáronse distintos instrumentos de avaliación | | | | |
| k) Dase un peso real á observación do traballo na aula | | | | |
| l) Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo-clase | | | | |

## b) Indicadores de logro da práctica docente

| Indicadores | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| a) Como normal xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| b) Ofrécense a cada alumno as explicacións individualizadas que precisan | | | | |
| c) Elabóranse actividades atendendo á diversidade | | | | |
| d) Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades co alumnado con NEAE | | | | |
| e) Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar | | | | |
| f) Combínase o traballo individual e en equipo | | | | |
| g) Poténcianse estratexias de animación á lectura | | | | |
| h) Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita | | | | |
| i) Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe | | | | |
| j) Préstase atención aos elementos transversais asociados a cada estandar | | | | |
| k) Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc. | | | | |
| l) Analízanse e coméntase co alumando os aspectos máis significativos derivados da correccións das probas, traballos, etc. | | | | |
| m) Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros | | | | |
| n) Grao de implicación do profesorado nas tarefas de titoría e orientacións | | | | |
| ñ) Adecuación das ACI´s propostas e aprobadas | | | | |
| o) As medidas de apoio e reforzo están claramente vinculadas aos estándares | | | | |
| p) Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación... | | | | |

## 9. MATERIAS PENDENTES

Para os alumnos e alumnas que non superen a asignatura de música en setembro e pasen de curso coa materia pendente establécese dende o departamento un protocolo a seguir para facilitar a súa preparación  e recuperación que inclúe os seguintes aspectos:

- Establecemento dun grupo de preparación con reunión semanais no caso de que haxa un número mínimo de alumnado para facelo posible.
- Reunións trimestrais para entregar cadernos de apoio para preparar a asignatura e marcar hora de atención para consulta de dúbidas.

Dada a importancia dos contidos prácticos da materia, o alumnado coa música pendente da ESO, poderá aprobala se realiza e tempo e con calidade os cadernos deseñados para tal fin e que se lle entregarán persoalmente ao principio de cada trimestre. Aqueles que non cumpran con estaa medida deberán realizar un exame de pendentes das datas que o centro determine.

## 10. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial é un instrumento de vital importancia para poder adaptar os contidos ó nivel de competencias das que parte o alumnado ó comezo do curso. Permite tamén afondar nos intereses e expectativas dos alumnos e alumnas cara a asignatura e constitúese nun importante elemento de partida para unha planificación adaptada e realista á realidade de aula.

A importancia desta metodoloxía de coñecemento toma especial relevancia no segundo curso da ESO, por ser este o primeiro no que o alumnado cursa a asignatura na etapa secundaria, podendo confluír nunha mesma aula persoas cun nivel de coñecementos previos moi diversos, por iso, elaboramos un cuestionario inicial máis detallado para este curso que comprende:

- Aspectos técnicos referidos á linguaxe musical, estilos e xéneros.
- Aspectos instrumentais para a educación musical: discriminación auditiva, rudimentos da lectoescritura musical
- Aspectos persoais: formación musical extraescolar, gustos e intereses musicais, etc.

Nos cursos seguintes 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato, a avaliación inicial funciona como punto de arranque para o inicio de curso, permitindo repasar conceptos previos e dar continuidade aos novos coñecementos, ademais permite tamén un achegamento ó alumnado de nova incorporación. Por iso, adicaremos a esta avaliación a primeira semana do curso escolar.

## 11. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

No desenvolvemento didáctico da área de educación musical queremos facer especial mención as medidas para a atención da diversidade, que se concretan na nosa área a través de dous aspectos fundamentais:

a) Metodoloxía esencialmente práctica e vivenciada de tódolos aspectos do currículo, baseándonos na premisa de que o mellor xeito de comprender e apreciar a música e facendo e/ou escoitando música. Esta metodoloxía favorece o traballo a partir de habilidades distintas as meramente conceptuais, favorecendo así que grande parte do alumnado poda seguir sen problema o ritmo xeral da aula.

b) Na aula póñense en práctica xeitos distintos de adquirir unha mesma habilidade, que son presentados e traballados co alumnado para que poda desenvolver segundo as circunstancias un ou outro como vía alternativa e complementaria de acadar o obxectivo final.

As características peculiares da área de Música, o tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten o reparto por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno en particular. Así,

partindo da primeira avaliación diagnóstica e da coavaliación do alumno, axudará a construír as aprendizaxes de xeito individualizado, pero motivando ao alumnado nas súas tarefas e traballando a prol da integración de todos os rapaces e rapazas.

Deste xeito, para garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas, se sinalan as seguintes estratexias:

1) Para alumnos con dificultades de aprendizaxe: Prestaremos especial atención ós alumnos con ACI´s ou reforzo, elaborando para eles material teórico e práctico específico. Do mesmo xeito, para aqueles alumnos con dificultades motoras ou psicomotrices presentaremos exercicios prácticos axeitados as súas capacidades.

- Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.
- Realizar adaptacións curriculares que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.
- Modificar os obxectivos e criterios de avaliación en función das devanditas adaptacións curriculares.

2) Para alumnos con altas capacidades intelectuais:

- Flexibilizar a duración das etapas educativas.
- Facilitar actividades de ampliación.

## RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO Á DIVERSIDADE INDIVIDUAL

| MEDIDAS<br>PARA A DIVERSIDADE | GRAO<br>DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| Seleccionar contidos con un grao maior de dificultade. | |
| Seleccionar os contidos significativos de acordo a súa realidade. | |
| Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica. | |
| Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades. | |
| Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se van adquirindo. | |
| Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos. | |
| Seguir potenciando esta motivación e interés. | |
| Fomentar o interés e a motivación con actividades e tarefas variadas. | |
| Fomentar o interés e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e cercanas a súa realidade. | |
| Seguir fomentando esta capacidade. | |
| Propoñer problemas cada vez con maior grado de dificultade. | |
| Propoñer problemas de acordo as súas capacidades para ir desenrolándoas. | |
| Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e a escrita. | |
| Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas. | |
| Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar. | |

| MEDIDAS<br>PARA A DIVERSIDADE | GRAO<br>DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| Non se necesitan medidas. | |
| Propoñer estratexias para mellorar a comunicación. | |
| Averiguar a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen. | |
| Non se necesitan medidas. | |
| Propoñer estratexias que melloren o interés e a motivación desa parte del alumnado. | |
| Averiguar a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen. | |
| Non se necesitan medidas. | |
| Propoñer actividades grupais nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado. | |
| Averiguar as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes. | |

## 12. EDUCACIÓN EN VALORES

A educación musical, contribúe a favorecer o tratamento interdisciplinario dos chamados contidos transversais, contidos que xorden para dar resposta as demandas sociais e contribuír a unha formación integral do alumnado, e a preparación do mesmo para integrarse na sociedade. Os temas transversais presentan contidos educativos fundamentais, que se xustifican dentro do marco social, xa que dan resposta a un proxecto válido de sociedade e deben estar presentes en toda práctica docente a través das diferentes áreas.

Este plantexamento apoiase nun deseño curricular non compartimentado en áreas illadas, onde existen temas non paralelos as áreas, senón transversais a elas. Non se trata de introducir contidos novos, posto que xa están en cada unha das áreas, senón de organizalos entorno a un determinado eixo educativo.

Os temas de carácter transversais que trataremos de fomentar dende a área de música son: educación cívica e moral, educación para a saúde, educación para a paz, educación para o desenvolvemento da igualdade de oportunidades sen discriminación por razón de sexo, educación ambiental, educación sexual, educación do consumidor e educación para a saúde.

Dende a Educación Musical pódense traballar a totalidade dos temas transversais. A pesar delo, é evidente unha maior conexión e implicación con:

- A educación moral e cívica, educación para a paz e a convivencia: mediante a práctica grupal pódese contribuír a desenvolver as capacidades de respecto das diferenzas e valoración das aportacións dos demais. Empatía, saber escoitar e aportar as ideas propias con respecto e sempre na procura dun beneficio común, base para unha vida en democracia.

- A educación para o consumo: mediante o desenvolvemento dun espírito crítico e apostando por valores como o consumo responsable, a reciclaxe e reutilización

sempre que sexa posible, consumo local e ecolóxico fronte a estandarización, a produción e masa sen respecto polo media ambiente.

- A educación ambiental: a educación musical contribúe á conservación do medio ambiente, dende a necesidade de identificar os problemas do ruído, da contaminación acústica e do uso indiscriminado da Música. Identificar a manipulación da música ambiente así como os problemas que esta pode xerar.

- Á educación para a saúde: pois a Música e a Danza constitúen un magnífico ámbito para o estímulo do equilibrio psicofísico. A musicoterapia é unha ferramenta terapéutica amplamente avalada pola comunidade científica moi apropiada para restablecer equilibrio emocional, habilidades sociais e como fonte de crecemento persoal, especialmente na etapa adolescente na que a música é un valor importante na vida de rapaces e rapazas. Aproveitar este potencial posibilita cubrir dende a educación formal a educación emocional dos futuros cidadáns.

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, atravésano ou imprégnano. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación que se poderían plasmar na área de Música desta maneira:

**a) Educación para a saúde**

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.
- Desenvolvemento de hábitos preventivos para coidar a saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.
- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na puberdade.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

### b) Educación moral e cívica

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferenzas entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítica dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferenzas individuais ou sociais.

### c) Educación para a paz

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferenzas individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

### d) Educación para a igualdade entre sexos

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre todos os membros do grupo.

### e) Educación ambiental

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do contorno: causas e posibles solucións.

### f) Educación para o consumo

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.

- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenvolvemento dos criterios de selección.

## 13. PROXECTO LECTOR

Dende a educación musical queremos contribuír ao fomento da lectura en coordinación coas directrices do proxecto lector do centro. Para elo propoñemos os seguintes libros de lectura obrigada:

- 2º ESO: "Sonata de amor". Blanca Álvarez
- 3º ESO: "Capricho 24". Blanca Álvarez
- 4º ESO: "El violín del diablo". Joseph Gelinck

Ademais case todas as unidades didácticas van acompañadas de textos reflexivos ou de ampliación de coñecementos relativos aos contidos traballados que son lidos e comentados na clase.

## 14. PLAN LINGÜÍSTICO

a) **<u>Breve análise da situación e nivel xeral do alumnado</u>**

No Departamento de Música impartimos a materia en galego en todos os niveis. Ademais, en 2º e 3º da ESO temos unha sección bilingüe castelán-inglés, polo que faremos unha valoración en ambas linguas.

**Galego:** a maioría do alumnado non é galego falante, nunha porcentaxe importante tampouco o son os seus pais polo que consideramos relevante empregar esta lingua para dotar de contexto o seu uso.

**Castelán:** lingua materna para a maioría, obsérvanse carencias na comprensión e expresión escrita.

**Inglés:** hai unha grande diferencia entre alumnado que asiste a clases particulares de inglés e o resto do alumnado. En xeral o nivel é bo. As maiores dificultades están na expresión oral.

b) **Obxectivos propios para mellorar a competencia lingüística**

**Galego:**
1º Fomentar, con actividades motivadoras, a expresión oral e comunicativa.
2º Incentivar a aqueles alumnos con menos bagaxe no emprego da lingua galega a empregala e valorala como parte esencial da cultura na que vivimos.

**Castelán:**
1º Incluír como parte da avaliación actividades de lectura, adaptadas aos diferentes niveis do grupo para atender as necesidades especiais do alumnado.
2º Incorporar como práctica habitual a redacción de textos e a exposición oral.

**Inglés:**
1º Fomentar, con actividades motivadoras, a expresión oral e comunicativa.
2º Incentivar a aqueles alumnos con menos bagaxe no estudo do inglés a través do traballo co auxiliar.

c) **Liñas de actuación e procedementos para logralos**

**Galego**
1º Para mellorar a expresión oral: fomentar actividades de expresión oral en grupo nas que diferentes niveis se complementen para dar confianza a aquele alumnado que máis o precisa: sketch cómicos, gravación de curtametraxes, creación de cancións...

**Castelán**
1º Para mellorar a comprensión lectora: fomentar as actividades de lectura relacionados coa materia. O curso pasado adquirimos varias novelas de temática musical que tiveron moi boa acollida.
2º Para mellorar a expresión escrita: incluír en todos os exames escritos algunha pregunta que implique a redacción dos contidos.

**Inglés**
1º Para mellorar a expresión oral: fomentar actividades de expresión oral en grupo nas que diferentes niveis se complementen para dar confianza a aquele alumnado que máis o precisa. sketch cómicos, gravación de curtametraxes en inglés,...

2º Traballo en pequenos grupos co auxiliar de conversación para mellorar pronunciación e fluidez lingüística.

d) **Posibles ideas e opinións sobre a xestión das linguas no centro.**

Sería moi boa idea marcar uns obxectivos por curso ou etapa, comúns a todas as materias, de tal xeito que quedasen establecidos ao principio de cada curso e foran avaliados ao final do mesmo. Nunha CCP cada departamento podería expoñer as principais carencias detectadas e entre todos, coa dirección dos departamentos lingüísticos, elaborariamos un listado de obxectivos progresivo que se iría implantando e revisando anualmente. Tamén podería plantexarse a creación dun grupo de traballo.

e) **Posibles apoios ou actividades para o logro dos obxectivos**

Ademáis das iniciativas xa existentes, como os clubs de lectura, concurso de microrelatos, auxiliares de conversa (inglés e francés), coro en inglés..., sería moi interesante:

- Fomentar un club de debate
- Incluír nas diferentes materias a exposición oral como algo cotiá.
- Fomentar a expresión escrita coa creación dunha radio ou un blog no que se incluísen a lectura ou publicación de texto científicos, históricos, artísticos..., elaborados polo alumnado nas diferentes materias.

f) **¿Sería viable coordinar criterios ortográficos e gramaticais?**

Sería interesante ter criterios comúns para valorar a lingua ademais dos contidos propios de cada materia. Penso que pode facerse sempre que todos os docentes adoiten as mesmas medidas. Moi importante incluír medidas de recuperación dos puntos perdidos por un mal uso da lingua.

## 15. FOMENTO DAS TIC

E tal a importancia das TIC no mundo contemporáneo e, concretamente na área da educación musical, que consideramos máis axeitado traballar este tema incluído nos contidos de cada trimestre e curso como se pode observar no desenvolvemento curricular da programación faremos especial fincapé:

- Edición de audio: Audacity
- Edición de partituras: Musescore
- Video musical: MovieMaker

Isto farase especiamente notorio nos cursos 2º e 3º da ESO inscritos no Programa ABALAR xa que cada alumno dispón dun computador portátil o que facilita o traballo coas TIC. No resto dos curso temos intención de empregar as TIC sempre que sexa posible dispor de horario na aula de Informática, lugar do centro no que se concentran os recursos.

Ademais, como xa mencionamos anteriormente, dende o Departamento de Música contemplamos como un feito usual o emprego da tecnoloxía móbil do alumnado na aula para actividades concretas que serán debidamente anunciadas.

## 16. PLAN DE CONVIVENCIA

Seguindo as directrices do plan de convivencia do centro, dende o departamento de música queremos contribuír a fomentar un ambiente de respecto e tolerancia que posibilite unha convivencia entre tódolos membros da comunidade educativa, fomentando o diálogo como vía de resolución de conflitos, creado un clima agradable para o estudo e o desenvolvemento persoal.

# 17. SECCIÓNS BILINGÜES

## A) INTRODUCCIÓN

A educación, como proceso de formación integral do alumnado, ten a obriga de dar resposta as novas demandas da sociedade actual, preparando aos individuos para vivir nunha sociedade cambiante, tecnolóxica e diversa. Neste marco sociocultural xorden as Seccións Bilingües como resposta, dende o eido educativo, ás necesidades que demandan os procesos de globalización e plena integración no marco da Unión Europea, que esixen dos cidadáns unhas competencias lingüísticas amplas. Sen esquecer que a aprendizaxe doutras linguas aporta un valor engadido aos sistemas educativos, fomentando o desenvolvemento de diferentes capacidades e integrando valores como o respeto e a tolerancia.

Os beneficios desta política lingüística redundarán en aspectos moi diversos que abranguen dende unha maior integración, ata o fortalecemento de valores como a tolerancia e a igualdade, pasando por unha maior competitividade no mercado laboral que ben favorecida, pola utilización das linguas estranxeiras como idioma vehicular para o ensino de determinadas áreas non lingüísticas, promovendo deste xeito o uso comunicativo do idioma estranxeiro, xa que se fomenta non só aprender o idioma, senón e, sobre todo, aprender “no idioma”.

## B) XUSTIFICACIÓN

Desenvolver unha Sección Bilingüe dende unha área do currículo non lingüística permite reproducir contextos de aprendizaxe significativos e motivadores, xa que non é a lingua en sí o obxecto de estudo, se non o uso práctico da mesma. Neste caso a escolla da lingua inglesa ven determinada pola importancia e predominancia de dita lingua a nivel internacional, constituíndose así nunha ferramenta indispensable para o alumnado. Moitas son as áreas do currículo que poden facer importantes achegas a educación bilingüe, pero, sen dúbida, coa Música fórmase un tándem perfecto no que ámbalas dúas áreas saen beneficiadas. Isto é así por dúas cuestións fundamentais:

- Primeira: non podemos esquecer que na actualidade, máis que noutras épocas, a música é un dos principais referentes de identificación xuvenil. O feito de que o alumnado a sinta como propia constitúe unha grande vantaxe porque o valor, así como as expectativas e a motivación respecto a esta materia, son elevadas. Este feito obsérvase sobre todo cando traballamos coa Música Popular Urbana, música que xorde e ten como punto de referencia o contexto anglosaxón e como vehículo de expresión a lingua inglesa.

- Segunda: o currículo da materia de música no segundo curso da ESO ten como obxectivo fundamental que o alumnado adquira e comprenda os elementos básicos da linguaxe musical que lle permitan achegarse ao feito sonoro como intérprete, creador e ouvinte. A estrutura da linguaxe musical é moi similar ao dunha lingua, deste xeito os obxectivos de ambas van parellos e uns redundando na aprendizaxe doutros. Este plantexamento apoiase nun deseño curricular non compartimentado en áreas illadas, onde existen temas non paralelos as áreas, senón transversais a elas. Non se trata de introducir contidos novos, posto que xa están en cada unha das áreas, senón de organizalos entorno a un determinado eixo educativo.

## C) COMPETENCIAS BÁSICAS

As principais aportacións da Música na adquisición das competencias básicas no marco dunha Sección Bilingüe son:

**1. Competencia cultural e artística:** fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais de culturas, épocas e estilos diversos, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos sociais e históricos nos que se circunscribe cada obra. O coñecemento da lingua inglesa favorece este feito ao posibilitar achegarse de modo directo a outras culturas.

**2. Competencia de autonomía e iniciativa persoal:** mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes

factores clave para a adquisición desta competencia sendo de especial interés enriquecela co uso doutra lingua distinta á propia.

**3. Competencia social e cidadá:** a participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento, da a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado. Favorecendo tamén a práctica de pequenos intercambios lingüísticos empregando o inglés como lingua de comunicación.

**4. Competencia dixital e desenvolvemento do tratamento da información:** o uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Non debemos esquecer que a maioría do software musical está feito en inglés, polo que esta competencia vese tamén favorecida polo emprego da lingua inglesa.

**5. Competencia para aprender a aprender:** potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolvendo o sentido da orde e da análise, estas potencialidades vense favorecidas polo emprego dunha lingua extranxeira que esixe a máxima concentración e atención.

**6. Comunicación lingüística:** a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que dita interacción xera, facelo en inglés favorece un desenvolvemento lingüístico máis amplo e versátil.

Igualmente, a educación musical bilingüe, contribúe a favorecer o tratamento interdisciplinario dos chamados contidos transversais, contidos que xorden para dar resposta as demandas sociais e contribuír a unha formación integral do alumnado, e a preparación do mesmo para integrarse na sociedade.

## D) PROFESORADO Y ALUMNADO PARTICIPANTE

- Profesorado participante:

Profesora da materia non lingüística: Teresa Elvira Méndez García.

Profesor coordinador: Pablo Patiño

- Alumnado participante:

2º da ESO: un grupo de aproximadamente 30 alumnos

3º da ESO: un grupo de aproximadamente 30 alumnos

## E) OBXECTIVOS

A hora de planificar a creación dunha nova sección bilingüe para o segundo curso da ESO dende o Departamento de Música plantexámonos como obxectivos xerais os propios da materia de Música xunto con contidos lingüísticos que teñen como fin o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1º Comprensión oral e escrita dos textos relacionados con cada tema.

2º Redacción de enunciados sinxelos e previamente coñecidos.

3º Lectura de diferentes mensaxes básicos.

4º Pequenas mensaxes verbais co léxico de cada tema.

## G) METODOLOXÍA

A metodoloxía está esencialmente baseada na comprensión de contidos que son transmitidos a través da lingua. Por iso, canto máis sistemática sexa a integración destes, mellores serán os resultados. Unha sección bilingüe ofrece oportunidades para experimentar e pensar noutra lingua, utilizándoa para desenvolver competencias e habilidades de aprendizaxe (cognitivas) e de comunicación (lingüísticas, sociolingüísticas, pragmáticas e estratéxicas).

Esta metodoloxía implica non só a lingua senón múltiples modos de comunicar significado (debuxos, gráficas, táboas, etc), sobre todo, sonoros (cancións). Tendo en

conta que a gran maioría do alumnado ten un nivel básico de inglés, as estratexias metodolóxicas serán as seguintes:

- Integración progresiva da lingua inglesa a través de estruturas lingüísticas sinxelas.
- Emprego da lingua estranxeira sempre que sexa posible nos intercambios entre profesor e alumno.
- Recorrencia á lingua materna para explicar conceptos máis difíciles e sempre que sexa necesario. Non debemos esquecer que é a primeira experiencia bilingüe para moitos e tamén a primeira vez que no ensino secundario cursan a materia de música.
- Emprego de software musical en inglés para favorecer que o alumnado aprenda un vocabulario musical básico.
- Tolerancia do profesor ante os erros. Non sancionar, senón invitar á reflexión e á corrección.
- Planificación da materia. A lingua adicional integrarase progresivamente en cada avaliación atendendo aos contidos.
- Fomento do traballo en pequenos grupos que permitan una maior interactuación entre os alumnos.
- Exposicións orais para favorecer a confianza á hora de expresarse na lingua inglesa.

Os principios metodolóxicos nos que nos baseamos tratan de crear e ampliar a capacidade para comunicarse, a finalidade non é tanto ensinar esta lingua como aprender a comunicarse nela. O enfoque comunicativo-funcional está orientado cara a recepción e produción de mensaxes e a ampliación do vocabulario, base para adquirir confianza no manexo doutra lingua.

O enfoque das sesións será:

1º Presentación sinxela do tema, cunha explicación básica dos contidos conceptuais a traballar, que incluirá un glosario de términos a utilizar, coa súa tradución, se fora necesaria.

2º Explicación do tema obxecto de estudo na lingua inglesa, apoiado por gráficos, videos, cancións, contidos audiovisuais ..., que favorezan a súa comprensión.

3º Proposta de exercicios prácticos para favorecer a comprensión dos conceptos estudados.

4º Práctica da lectoescrita musical empregando a grafía internacional e introducindo pouco a pouco o cifrado americano propio das culturas anglosaxonas.

5º Análise de audicións mediante un cadro-resume xenérico que esixa unha mínima capacidade de expresión oral e escrita por parte don alumnado.

**H) AVALIACIÓN**

A avaliación da materia ***Música*** no marco dunha Sección Bilingüe***,*** ten como referente a contribución á consecución das competencias básicas, facendo fincapé nos seguintes aspectos:

- Competencia cultural e artística
- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia dixital
- Competencia para aprender a aprender
- Competencia en habilidades sociais e autonomía

Os criterios de avaliación terán en conta as competencias mencionadas e os coñecementos lingüísticos adquiridos. A este respecto os criterios de avaliación da sección bilingüe no que a contidos lingüísticos se refire serán:

1º Comprender informacións específicas relevantes de mensaxes orais sinxelas relacionadas cos temas tratados.
2º Interpretar e producir mensaxes significativas verbais e musicais.
3º Comunicarse en parella ou en pequeno grupo para satisfacer as necesidades básicas de comunicación.

## 18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para o presente curso 2021-2022, o Departamento de Música retomará as actividades complementarias e extraescolares na medida en que nelas podamos garantir un entorno seguro para o alumnado, seguindo sempre as indicacións que as autoridades sanitarias indiquen en cada momento.

Igualmente a celebración das mesmas só será posible de contar cunha oferta axeitada, que de momento nestas datas temperas de setembro no podemos confirmar. A dificultade derivada de organizar eventos que impliquen desprazar e xuntar a grupos de persoas en espazos pechados fai necesaria a determinación duns protocolos sanitarios e organizativos que non todos os organismos públicos e/ou privados poden asumir. Por iso, como en anos anteriores, estamos abertos a participar en Concertos didácticos, visitas a museos o estudos de gravación, rutas culturais..., sen que sexa posible determinar de momento datas e actividades concretas estando a espera de que se publiciten datas e se confirme a posibilidade de realizar as visitas.

O seguinte calendario é unha estimación pendente de confirmar asimismo, **non nos pechamos a incluír algunha actividade de interese que poda xurdir ao longo do curso sempre que a situación sanitaria o permita e a seguridade estea garantida.**

**<u>1ºTrimestre</u>**

| Actividade | Alumnado | Lugar | Data |
|---|---|---|---|
| **Concerto de Santa Icía** | 2º, 3º e 4º ESO | Aula de Música/Biblioteca | 22/11/21 |
| **Visita a voz audiovisual** | 2º Bach | Estudios de Voz Audiovisual. A Grela | Pendente de confirmar |
| **Presentación de proxectos sonoros** | 4º ESO | IES/Ágora | 20/12/21 |

**2ºTrimestre**

| Actividade | Alumnado | Lugar | Data |
|---|---|---|---|
| Concertos Didácticos OSG | 2º, 3º e 4º ESO | Pazo da Ópera | Pendente de confirmar |
| Análise sociolóxica do audiovisual | 2º Bach | IES | Pendente de confirmar |
| Visita ao museo CENTRAD de Lugo | 3º ESO | Museo CENTRAD. Lugo | Pendente de confirmar |

**3ºTrimestre**

| Actividades | Alumnado | Lugar | Data |
|---|---|---|---|
| Concerto fin de curso | 2º, 3º e 4º ESO | Instituto | 17/06/21* |
| II xornada do audiovisual no IES Agra do Orzán | 2º, 3º e 4º ESO | Instituto | 20/06/21* |
| Presentación de Proxectos sonoros | 2º, 3º e 4º ESO | Instituto/Ágora | 21/06/21* |

* Estas datas son aproximadas.

Igualmente retomaremos as actividades complementarias de duración anual que adoitábamos a facer na aula de Música durante os tempos de lecer (doro dos recreos, práctica instrumental de conxunto, proxecto radio etc) pero cun número reducido de alumnos.

## 19. AVALACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Toda programación constitúe unha guía de acción docente que axuda a programar os contidos ó longo do curso escolar, pero sempre ha de ser flexible e aberta a unha retroalimentación constante coa realidade dos grupos ós que vai dirixida, por iso faise moi necesario unha avaliación trimestral da programación que permita:

- Observar a consecución dos obxectivos marcados.
- Observar as posibles desviacións e realizar as correccións necesarias.
- Facer unha análise crítica que permita un feedback e retroalimentación constante.
- Establecer os cambios necesarios para a adaptación o grupo-clase real.

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

# 20. ADENDA Á PROGRAMACIÓN

a) **Reforzo de contidos mínimos, estratexias e procedementos de aprendizaxe.**

Tras o curso que quedou en suspenso polo problema da COVID, cuxas carencias tratamos de paliar ao longo do pasado curso, seguimos considerando importante reforzar contidos básicos e, sobre todo, fomentar hábitos de traballo e estratexias e procedementos de aprendizaxe que permitan ao alumnado avanzar con seguridade no seu proceso persoal de construción dunha base sólida na que basear o seu coñecemento. Facendo especial fincapé nas habilidades de audición e creatividade, é dicir, a capacidade de escoita reflexiva e a habilidade de desenvolver o pensamento crítico e diverxente.

b) **Revisión dos obxectivos e competencias chave por niveis.**

Aínda que a materia de Música no ensino secundario plantexa diferentes contidos para cada un dos curso da ESO nos que se imparte, hai certos contidos nos que se debe incidir e afondar cada curso por ser esencias para a adquisición dunha educación musical básica. Por iso, naqueles cursos que teñen continuidade (2º e 3º – para os que escollen a Música como materia optativa en 4ºESO-), os obxectivos establecidos céntranse nos mínimos esixibles complementados, cando sexa posible por tempo, cos que chamaremos obxectivos de afondamento. Como se especifica no **apartado 4** (**páxina 30 e seguintes**) desta programación.

c) **Adaptación ao ensino semipresencial.**

No caso de ter que adaptarnos ao ensino semipresencial, dende o Departamento de Música se articulan as seguintes medidas:

1ª Gravación en audio das explicacións da aula para poder compartir en podcats e facilitar o seguimento das mesmas

2ª Gravación de videos explicativos para os novos contidos

3ª Emprego das plataformas " Aula Virtual" e "Google Classroom" para compartir materiais, tarefas e establecer contacto en caso de que fora preciso. Dende o centro se ten asegurado que todos os profesores e alumnos teñan un correo corporativo activo para empregar como canle de comunicación virtual.

4ª Traballo no aula durante as primeiras semanas do curso para asegurar que todo o alumnado sabe como manexarse nas devanditas plataformas.

d) **Adaptación ao ensino online**

No caso de ter que adaptarnos ao ensino online, dende o Departamento de Música incorporamos as seguintes medidas para asegurar que o 100% do alumnado poda seguir o seu proceso formativo:

1ª Gravación en audio das explicacións da aula para poder compartir en podcats e facilitar o seguimento das mesmas

2ª Gravación de videos explicativos para os novos contidos

3ª Emprego das plataformas " Aula Virtual" e "Google Classroom" para compartir materiais, tarefas e establecer contacto en caso de que fora preciso. Dende o centro se ten asegurado que todos os profesores e alumnos teñan un correo corporativo activo para empregar como canle de comunicación virtual.

4ª Traballo no aula durante as primeiras semanas do curso para asegurar que todo o alumnado sabe como manexarse nas devanditas plataformas.

e) **Plan de reforzo e recuperación**

O alumnado coa materia pendente recibirá fichas preparatorias, como é costume, a única diferenza é que só se esixirán os contidos impartidos durante os dous primeiros trimestres do pasado curso. Para facilitar a recuperación establécese o 1º recreo dos luns para solventar as dúbidas que poidan xurdir.

f) **Protocolo de hixiene na Aula de Música**

Tendo en conta que a Aula de Música vai ser usada por numeroso alumnado, faise necesario o establecemento dun protocolo de hixiene que garanta a seguridade de todos os que por ela pasan. Por iso e tras analizar o mellor sistemas decidimos:

1º Numerar as cadeiras e garantir que cada alumno se sente sempre no mesmo asento, facendo coincidir número de cadeira e número de clase.

2º Ventilación da aula nos intercambios da mesma, con especial fincapé nos recreos.

3ºLimpeza cada vez que se abandona a aula, o protocolo é o establecido para todo o centro, será o profesor o que manexe os botes de desinfectante e reparta as toallitas para que cada quen limpe o seu posto.

4º Para o uso de instrumentos establecemos o seguinte protocolo:

a) Aplicar xel desinfectante ao alumnado antes de coller os instrumentos

b) Establecemento dunha orde estrita para recoller o material e volver a gardalo, evitando aglomeracións de alumnado ao carón dos armarios.

c) Ao rematar a práctica cada alumno debe limpar xilófono e baquetas antes de gardalos

d) Tentaremos usar as horas próximas aos recreos para ter unha maior marxe de tempo para a limpeza.

A presente programación estará a disposición de tódolos axentes educativos, pais e nais, membros da inspección educativa e outros axentes que así o soliciten, no Departamento de Música.

Tódolos alumnos e alumnas que cursan a materia terán coñecemento previo de dita programación na aula, con especial incidencia nos contidos mínimos e nos procesos de avaliación previstos para cada trimestre.

Asdo. Teresa E. Méndez García

Xefa do Departamento